



ACTA NÚM. 22 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2019.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:04 horas** do día **27 de novembro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.



Don Juan González Carnero, **interventor do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona Mercedes Rosón Ferreiro

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás seguintes sesións:

Ordinaria do 24/10/19.

Extraordinaria do 31/10/19.

Extraordinaria do 14/11/19.

2. Proposta de alcaldía de irmandamento coa cidade de Braga-Portugal.

3. Ampliación dos usos dotacionais permitidos polo vixente Plan Parcial do SUNP-14 (Tras Paxonal) na reserva de equipamento docente DOC.

4. Aprobación do expediente de suplemento de crédito nº 2019-SUPLE-05 de importe 5.055.032,54 euros con destino amortización de débeda bancaria municipal financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2018.

5. Aprobación do expediente de suplemento de crédito nº 2019-SUPLE-06 de importe 1.379.570,40 euros con destino amortización de débeda bancaria municipal financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2018.

6. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, para a dotación de servizos básicos de abastecemento e saneamento en todo o termo municipal.

7. Proposición do grupo municipal do BNG, para a creación dun conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela.

8. Proposición do grupo municipal do BNG, para instar ao novo goberno español a cumprir acordos e revisar proxectos pendentes con Santiago de Compostela.

9. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, para impulsar unha renda de garantía infantil en Santiago de Compostela.

10. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a creación dunha comisión municipal para determinar os incentivos fiscais para o comercio minorista.

11. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a optimización da conexión da cidade da cultura coa AP-9 e mellora das vías de acceso desde Sar e as Fontiñas.

12. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

13. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal de CA, de data 12 de novembro de 2019, núm. 246.
Do grupo municipal do BNG, de data 15 de novembro de 2019, núm. 251.
Do grupo municipal do BNG, de data 15 de novembro de 2019, núm. 252.
Do grupo municipal de CA, de data 18 de novembro de 2019, núm. 263.
Do grupo municipal de CA, de data 18 de novembro de 2019, núm. 264.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 270.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 271.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de novembro de 2019, núm. 253.
Do grupo municipal do BNG, de data 15 de novembro de 2019, núm. 254.
Do grupo municipal de CA, de data 18 de novembro de 2019, núm. 265.
Do grupo municipal de CA, de data 18 de novembro de 2019, núm. 266.
Do grupo municipal do BNG, de data 19 de novembro de 2019, núm. 267.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 272.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 273.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 274.
Do grupo municipal de CA, de data 3 de outubro de 2019, núm. 169.
Do grupo municipal de CA, de data 19 de novembro de 2019, núm. 279.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, de data 28 de outubro de 2019, núm. 228.
Do grupo municipal de CA, de data 28 de outubro de 2019, núm. 229.
Do grupo municipal de CA, de data 30 de outubro de 2019, núm. 230.
Do grupo municipal de CA, de data 30 de outubro de 2019, núm. 231.
Do grupo municipal de CA, de data 30 de outubro de 2019, núm. 232.
Do grupo municipal do PP, de data 4 de novembro de 2019, núm. 233.
Do grupo municipal do PP, de data 5 de novembro de 2019, núm. 235.
Do grupo municipal do PP, de data 5 de novembro de 2019, núm. 236.
Do grupo municipal do PP, de data 5 de novembro de 2019, núm. 237.
Do grupo municipal do PP, de data 6 de novembro de 2019, núm. 239.
Do grupo municipal de CA, de data 6 de novembro de 2019, núm. 240.
Do grupo municipal de CA, de data 15 de novembro de 2019, núm. 255.
Do grupo municipal de CA, de data 15 de novembro de 2019, núm. 256.

14. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 4 de novembro de 2019, núm. 234 presentada polo grupo municipal do BNG, para impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno e favorezan o retorno das persoas emigradas.

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2019, núm. 245, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para aprobar unha batería de medidas para a recuperación ambiental do río Sar.

Rexistro de entrada do día 14 de novembro de 2019, núm. 248, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para fomentar o retorno do talento da nova diáspora galega a Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2019, núm. 261 presentada polo grupo municipal do BNG, para instar á Deputación a estudar a modificación do proxecto da senda peonil entre Santiago e Figueiras.

Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2019, núm. 262, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a nova licitación e o novo mapa de rutas do transporte urbano de Santiago.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 268, presentada polo grupo municipal do BNG, para a construción dun centro de día nas Fontiñas.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 269, presentada polo grupo municipal do BNG, para convocar os consellos de participación cidadá.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 275, presentada polo grupo municipal do PP, para a adopción de medidas de impulso para eliminar a violencia contra a muller e a explotación sexual.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 276, presentada polo grupo municipal do PP, para a instalación de desfibriladores externos semiautomáticos nas instalacións municipais.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 277, presentada polo grupo municipal do PP, para a edición dun libro sobre a vinculación de Ricardo Carvalho Calero coa cidade de Santiago.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 280, presentada polo grupo municipal de CA, para a celebración do bicentenario do nacemento de Concepción Arenal.

A Corporación Municipal antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día garda un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, don José Martín Rozas Ramos, en representación da Asociación de Veciños de Viso, Asociación de Veciños de Sar, Agrupación folclórica Colexiata do Sar e Espazo veciñal de Sar, en relación á moción presentada polo grupo municipal de CA, sobre a nova licitación e o novo mapa rutas do transporte urbano de Santiago.



CONCELLO DE SANTIAGO

En segundo lugar, don Antón Bouzas, en representación da Plataforma pola recuperación do Sar, en relación á moción presentada polo grupo municipal de CA, para aprobar unha batería de medidas para a recuperación ambiental do río Sar.

En terceiro lugar, don Anxo Louzao, en representación de Vía Galega, en relación á moción presentada polo BNG, relativa a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno e favorezan o retorno das persoas emigradas.

E en último e cuarto lugar, don José María Quintáns Couselo, representación da AAVV Nova Xeira de Figueiras, en relación á moción presentada polo BNG, relativa a senda peonil entre Santiago e Figueiras.

A continuación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes declárase a urxencia dunha moción asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais, para outorgar ao Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela a medalla de ouro da cidade, para ser incluída na sesión e que será tratada ao final dos asuntos que figuran na relación da orde do día,.

Comézase agora o estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SEGUINTESES SESIÓNS:

ORDINARIA DO 24/10/19.

EXTRAORDINARIA DO 31/10/19.

EXTRAORDINARIA DO 14/11/19.

Foron aprobadas por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes as actas correspondentes ás sesións ordinaria do 24 e extraordinaria do 31 ambas do mes de outubro de 2019, e á extraordinaria do día 14 de novembro, do corrente ano.

2. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE IRMANDAMENTO COA CIDADE DE BRAGA-PORTUGAL.

A proposta da alcaldía de data 21 de novembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“Como Alcalde da cidade de Santiago de Compostela, e unha vez consultada a xunta de voceiros municipal, que manifesta o seu apoio por unanimidade, teño a ben propoñer o irmandamento da cidade de Santiago de Compostela coa cidade portuguesa de Braga sustentada na proposta que hoxe traio á consideración e aceptación do Pleno da Excma. Corporación de Santiago de Compostela.

Braga é unha cidade situada no extremo norte de Portugal, ao nordeste de Oporto. Desde o século IV toda Gallaecia quedara englobada dentro da diocese de Braga, proba da ancestral relación entre Galicia e o futuro territorio portugués. Dita submisión ao



arcebispo de Braga finalizou cando a diocese de Compostela alcanzou o rango arcebispal no ano 1120, froito dunha arriscada xogada política do obispo Xelmírez.

Nas décadas posteriores ao descubrimento entre os anos 820-830 da tumba do Apóstolo, comezan as peregrinacións a Compostela. Santiago, hoxe capital de Galicia, Braga, a antiga capital da Gallaecia, competían daquela polo título de centro da cristiandade, cidades semellantes e con historias paralelas.

Na actualidade, os municipios de Braga e Santiago de Compostela queren dar continuidade ao protocolo de irmandamento iniciado hai un tempo, coa ambición de fortalecer as relacións entre as dúas cidades, concretamente nas áreas económica, turística e cultural, aproveitando os recursos que existen en ambos concellos con moitas afinidades. O municipio do Braga solicita contar coa cidade de Santiago de Compostela na programación da Capital da Cultura do Eixo Atlántico que asumirá en 2020.

Santiago de Compostela, que acaba de ser seleccionada pola Unión Europea como hub de innovación, quere potenciar áreas comúns entre ambos concellos nas ciencias da saúde, a biotecnoloxía e a nanotecnoloxía, como eixes de captación de inversión a escala internacional.

Sendo necesaria a cooperación entre Braga e Santiago de Compostela nas áreas de cultura, desenvolvemento económico e turismo, subliñando especialmente o gran número de turistas estranxeiros que pasando por Braga, percorren o Camiño ata Santiago.

Tendo en conta así mesmo, que Santiago de Compostela e Braga son ambas cidades históricas, referentes para toda a humanidade, cidades patrimoniais e universitarias, que teñen historias paralelas que configuran o seu senso no pasado e na actualidade, propoño este irmandamento que constituirá un paso máis no proceso de manter a presenza e promoción de Santiago de Compostela en Portugal e que servirá para impulsar a nosa cultura, a economía e o turismo.”

A vista da proposta da Alcaldía transcrita, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

- 1º. Iniciar o procedemento de irmandamento.
- 2º. Dar traslado ao Consello Asesor de Condecoracións para formalizar a proposta de convenio de irmandamento.
- 3º. Aprobación polo Pleno da proposta de convenio de irmandamento coa cidade de Braga.



CONCELLO DE SANTIAGO

3. AMPLIACIÓN DOS USOS DOTACIONAIS PERMITIDOS POLO VIXENTE PLAN PARCIAL DO SUNP-14 (TRAS PAXONAL) NA RESERVA DE EQUIPAMENTO DOCENTE DOC.

A proposta da concelleira delegada de urbanismo, vivenda e cidade histórica, en relación ao asunto do epígrafe, emitido con data 18 de novembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 18 de novembro de 2019 e en relación coa asunto de referencia, emitiu o seguinte informe:

“O presente informe emítese a resultas da providencia da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica, de data 18 de novembro de 2019, cuxo contido se transcribe de seguido:

“Con data 21 de novembro de 2018 o Concello de Santiago asinou coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia un convenio de colaboración para a cesión a título gratuito dunha parcela con destino á construción dunha residencia de maiores no ámbito do Plan parcial de Fontiñas (DOC-15)

Na parte expositiva do convenio asinado faise referencia ao plan “Como na casa”, desenvolvido pola Consellería de Política social, no que se prevé a construción de sete novas residencias públicas, unha en cada gran cidade galega, para atender a maiores en situación de dependencia.

Actualmente, o Concello de Santiago conta con tres recursos dependentes da Xunta de Galicia:

- A residencia e centro de día, situado na Porta do Camiño, con 84 prazas para persoas válidas
- A residencia e centro de día, situados en Volta do Castro, con 150 prazas para persoas dependentes
- E a residencia da Fundación José Otero e Carmela Martínez, en Ponte Pedriña, con 150 prazas para persoas dependentes

A oferta de prazas dispoñibles no termo municipal resulta insuficiente para satisfacer as demandas xeradas polo envellecemento da poboación, de xeito que resulta prioritario, dende o punto de vista do interese público, facilitar a implantación de novas residencias e centros de maiores de titularidade pública na nosa cidade.

Con data 15 de novembro de 2019 a Consellería de Política Social comunicou ao Concello que a parcela DOC-15 non acada a extensión superficial necesaria para os requirimentos do proxecto no que se está a traballar, que precisa máis espazo para habilitar habitacións individuais e dispoñer unha maior superficie de zona verde.



Con esta finalidade propúxose dende o Concello a parcela dotacional DOC do SUNP-14 (Tras Paxonal), o cal resultou aceptado pola Consellería, segundo consta no citado escrito de data 15 de novembro, sen prexuízo dos trámites que procedan para adaptar ou modificar o convenio de colaboración asinado en novembro de 2018.

Polo exposto, propónse dar os pasos necesarios para ampliar o destino urbanístico da reserva de solo cualificada para uso docente no Plan parcial do SUNP-14, autorizando o uso específico de equipamento asistencial, axustando deste xeito as previsións do planeamento ás necesidades reais da sociedade.”

1. Identificación da parcela e planeamento vixente

A parcela, coa referencia catastral 7557816NH3475E0001BA, foi obtida polo Concello de Santiago no desenvolvemento do Plan parcial do SUNP-14 (Tras Paxonal), e atópase delimitada polas rúas de Monte do Seixo (ao norte), Agustín Sixto Seco (ao sur) e Marivi Villaverde (ao oeste).

O PXOM vixente, a través da súa disposición transitoria terceira, remite a ordenación detallada do SUNP-14 ao Plan parcial aprobado definitivamente o 30.03.2006, o cal cualifica a parcela para uso docente (DOC), “*que comprende centros para a educación infantil, primaria ou secundaria, ensino profesional, técnico ou superior, con instalacións anexas deportivas, culturais e de investigación e servizos*” (ordenanza 3 de equipamentos públicos do Plan parcial), de acordo co previsto no artigo 136.2.a) da normativa do PXOM.

O mesmo artigo 136.2, na súa alínea c) encadra as residencias de anciáns e centros de día dentro do uso **asistencial**, que se configura así como un uso dotacional distinto do docente.

2. Normativa aplicable

Os artigos 42.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 65.7 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG) regulan un procedemento simplificado para *acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.*

Este cambio de uso pode realizarse a través dun acordo plenario adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan. Trátase dunha norma flexibilizadora do uso das reservas de equipamento comunitario, que permite acomodar a súa concreta utilización ás necesidades que en cada momento demande o interese público.



Do teor literal dos preceptos citados infírense dous requisitos substantivos para que poida acordarse o cambio de uso:

- Que se realice sobre terreos reservados para *equipamentos públicos*, é dicir, terreos reservados para calquera dos usos relacionados no artigo 71.1 do RLSG (sanitario-asistencial, educativo, cultural, deportivo, administrativo-institucional, servizos públicos e dotacional múltiple)
- Que o novo uso asignado sexa de carácter *dotacional e titularidade pública*

3. Conclusión

Con base no exposto, e toda vez que as residencias de maiores forman parte do sistema de equipamento asistencial, tendo a consideración de dotacións urbanísticas, conclúese que a implantación deste uso na reserva dotacional DOC do Plan parcial do SUNP-14 resulta autorizable a través do procedemento que regulan os artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e co asesoramento preceptivo do secretario xeral do Pleno Municipal.

O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para os efectos de inscribir a citada ampliación de usos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acordo queda condicionada ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

De conformidade co informe transcrito, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Ao abeiro do previsto nos artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento, ampliar os usos dotacionais permitidos polo vixente Plan parcial do SUNP-14 (Tras Paxonal) na reserva de equipamento docente DOC, autorizando, ademais do de equipamento docente, os seguintes de carácter dotacional e titularidade pública: asistencial, sociocultural, institucional-administrativo, deportivo, servizos públicos e dotacional múltiple.



O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e co asesoramento preceptivo do secretario xeral do Pleno Municipal.

O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para os efectos de inscribir a citada ampliación de usos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acordo queda condicionada ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Rematado o debate, á vista da proposta transcrita e o ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do pasado día 21, o Pleno da Corporación por 19 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 8 PP e 2 BNG), e 5 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de CA, e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda ao abeiro do previsto nos artigos 42.2 da LSG e 65.7 do seu Regulamento, ampliar os usos dotacionais permitidos polo vixente Plan parcial do SUNP-14 (Tras Paxonal) na reserva de equipamento docente DOC, autorizando, ademais do de equipamento docente, os seguintes de carácter dotacional e titularidade pública: asistencial, sociocultural, institucional-administrativo, deportivo, servizos públicos e dotacional múltiple.

O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para os efectos de inscribir a citada ampliación de usos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acordo queda condicionada ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2019-SUPLE-05 DE IMPORTE 5.055.032,54 EUROS CON DESTINO AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA BANCARIA MUNICIPAL FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2018.

O informe proposta do pasado día 19, e en relación coa aprobación deste expediente de suplemento de crédito núm. 2019-SUPLE-05, ten o seguinte contido:

“I. ANTECEDENTES.

1. Decreto do Concelleiro delegado de Economía e Facenda de 24 de maio de 2019 de aprobación da Liquidación do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2018.
2. Informe intervención nº 467/2019 de 10 de xuño de 2019 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e da débeda pública en relación á Liquidación do Orzamento municipal de 2018.
3. Acordo plenario de 15.07.2019 de aprobación inicial dos expedientes de suplemento de crédito 2019-SUPLE-03 por importe de 1.524.572,77 euros e de crédito extraordinario 2019-CREXT-05 por importe de 287.541,51 euros financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do Concello do exercicio 2018 co obxecto de aplicar o superávit para a cobertura orzamentaria dos gastos rexistrados na conta 413 (Acredores pendentes de aplicar ao orzamento) e 555 (Pagos pendentes de aplicar) (BOP nº 136 de 19.07.2019). Aprobación definitiva con publicación no BOP nº 156 de 20.08.2019.
4. Acordo plenario de 15.07.2019 de aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito 2019-SUPLE-04 por importe de 5.708.776,90 euros con destino amortización de débeda bancaria municipal financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do Concello do exercicio 2018 (BOP nº 136 de 19.07.2019). Aprobación definitiva con publicación no BOP nº 156 de 20.08.2019.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

O art. 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, dispón:

“32 Destino do superávit orzamentario

1. No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. (...)
3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”



A Disposición adicional sexta da propia Lei 2/2012, orgánica de estabilidade, relativa a

“Regras especiais para o destino do superávit orzamentario, establece ao efecto:

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fora menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivera un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.



Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”

Polo Real decreto-lei 10/2019, de 29 de marzo, prorrogouse para este ano 2019 o destino do superávit das entidades locais para investimentos financeiramente sustentables, logo as referencias ao superávit e ao déficit contidas no apartado dous de dita disposición, deberán entenderse realizadas aos exercicios 2018 e 2019 respectivamente.

III. XUSTIFICACIÓN DO IMPORTE A APLICAR EN CUMPRIMENTO DAS NORMAS QUE REGULAN O DESTINO DO SUPERÁVIT.

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF, en diante), establece dúas regras que rexen o destino do superávit orzamentario: o artigo 32 e a disposición adicional 6ª, esta última de aplicación opcional para as entidades locais que cumpran os requisitos esixidos.

Os posibles destinos do superávit/RLTGX permitidos pola antedita disposición adicional son os seguintes e por esta orde:

1. Imputar as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta 413, así como os pagos pendentes de aplicar anotados na conta 555.
2. Realizar investimentos financeiramente sustentables (IFS en diante).
3. Reducir o endebedamento neto.



Referente á determinación do importe a considerar na asignación do superávit ás finalidades indicadas cómpre advertir que, se o Concello ten entes dependentes, como é o caso do de Santiago de Compostela, aínda que os elementos que interveñen na confrontación (superávit/RLTGX) estímanse en termos de grupo consolidado, deben contrastarse eses compoñentes ente a ente, e comparar en cada un deles o superávit en termos SEC cos respectivos RLTGX/PeG (entes mercantís) considerando o de menor importe. En definitiva, e tendo en conta o criterio seguido polo propio Ministerio de Facenda, en contestación recollida no documento publicado en marzo do 2018 baixo o nome “*Aplicación de la normativa de estabilidad presupuestaria a las entidades locales. Contestación a las preguntas más frecuentes*”, o importe do superávit/RLTGX consolidado actúa como límite máximo a aportar pola totalidade do grupo, polo que a suma das aportacións de cada ente debe ser menor ou igual a aquel.

Seguindo a pauta descrita, os datos a ter en conta son os seguintes:

	RLTGX/PeG	Superávit	Importe a aplicar
Concello	16.828.888,34	12.207.019,45	12.207.019,45
Auditorio de Galicia	292.249,79	419.101,61	292.249,79
INCOLSA	76.654,48	555.233,37	76.654,48
Refuxio de Animais ⁽¹⁾			
	17.197.792,61	13.181.354,43	12.575.923,72

⁽¹⁾ Nota.- No momento actual non se dispón da información para facer este cálculo en relación ao Refuxio de Animais

Superávit consolidado ano 2018 13.181.354,43

RLT para GX consolidado 2018 17.121.138,13

Do establecido no cadro anterior, conclúese que o importe a aplicar como destino do superávit do grupo do Concello de Santiago de Compostela é de 12.575.923,72 euros, sendo que se encontra dentro do límite máximo resultante da liquidación do exercicio 2018 como superávit consolidado do Concello que ascende a 13.181.354,43 euros (menor que a magnitude do RLT para GX consolidado que é de 17.121.138,13 euros).

IV. APLICACIÓN DO SUPERÁVIT CON DESTINO Á AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO VIXENTES NO CONCELLO.

Con base no establecido no apartado anterior, establécese como importe a aplicar como destino do superávit do grupo do Concello de Santiago de Compostela o de 12.575.923,72 euros.

En cumprimento do establecido na D.A. 6ª punto 2.a) da LOEPSF, e para poder atender de forma urxente o pagamento e aplicación das facturas e demais gastos rexistrados na

conta 413 “Acredores pendentes de aplicar ao orzamento” e para habilitar crédito no orzamento para a cobertura dos pagos incluídos na conta 555 “Pagos pendentes de aplicar ao orzamento”, o Pleno en data de 15.07.2019 acordou a aprobación dun expediente de suplemento de crédito 2019-SUPLE-03 por importe de 1.524.572,77 euros e de crédito extraordinario 2019-CREXT-05 por importe de 287.541,51 euros, financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do Concello do exercicio 2018, co obxecto de aplicar o superávit para a cobertura orzamentaria dos gastos rexistrados na conta 413 e 555.

Seguindo o mesmo criterio que o establecido con anterioridade, o Pleno en data de 15.07.2019 tamén acordou a aprobación dun expediente de suplemento de crédito 2019-SUPLE-04 por importe de 5.708.776,90 euros, financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do Concello do exercicio 2018, co obxecto de aplicar unha parte do superávit para a amortización de débeda bancaria municipal ao considerar o saldo aínda pendente de aplicar, de importe 5.055.032,54 euros, como máis que suficiente como posible destino IFS en espera dunha posible reversión dos resultados do PMP.

Do antedito pódese concluír que o saldo pendente na actualidade de aplicar destino Superávit do Concello do exercicio 2018 é o que se amosa no seguinte cadro explicativo:

Importe a aplicar destino Superávit 2018	12.575.923,72	
Aplicación realizada do RLT para GX do 2018	Importe	Expediente modificativo
Destino OPAS 2018	1.774.991,43	2019-CREXT-05 - 2019-SUPLE-03
Destino PPA 2018	37.122,85	2019-SUPLE-03
Amortización débeda por inexecución RLTGX 2018	5.708.776,90	2019-SUPLE-04
Suma de aplicacións efectuadas na actualidade	7.520.891,18	
Importe pendente de aplicación do Superávit 2018	5.055.032,54	

Feita esta análise previa, e tendo en conta a data na que se tramita este expediente de modificación de crédito e que no momento actual o Concello non cumpre o requisito referido ao período medio de pago para poder destinar o importe pendente de aplicar destino superávit 2018 a IFS, resulta necesario, segundo o establecido na normativa referenciada, a toma do acordo plenario de aprobación da aplicación efectiva do saldo existente do superávit do exercicio 2018 á amortización de débeda financeira viva municipal mediante a aprobación dun expediente de suplemento de crédito na aplicación 030/01100/91300 nunha contía final de 5.055.032,54 euros.

O seu detalle é o seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
--------------	------	------------	----	------------	---------



CONCELLO DE SANTIAGO

Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	5.055.032,54
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					5.055.032,54
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO					5.055.032,54
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2018 - Aplicación 87000					

V. PROPOSTA

Verificado que este expediente de modificación de crédito de aplicación do RLT para GX do exercicio 2018 segue para o seu uso as prioridades emanadas da D.A. 6ª da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Logo de ver o carácter específico e determinado do gasto a realizar e que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2019, e de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2019-SUPLE-05 con destino á amortización de operacións de endebedamento vixentes do Concello por un importe de CINCO MILLÓNS CINCUENTA E CINCO MIL TRINTA E DOUS EUROS, CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (5.055.032,54 €) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2018.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito por un importe de 5.055.032,54 € para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes no Concello, financiado con RLT para GX do exercicio 2018, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	5.055.032,54
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					5.055.032,54
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO					5.055.032,54
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2018 - Aplicación 87000					

Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 5.055.032,54 €

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	5.055.032,54 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	5.055.032,54 €

TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 5.055.032,54 EUROS

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Figura tamén no expediente informe de intervención 1112/2019, de data 20 de novembro do corrente ano, e acordo de aprobación do expediente da Xunta de Goberno do día 21 seguinte.

Xa que logo, de acordo co informe-proposta transcrito, e demais documentación que obra no expediente, e o ditame favorable da Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas, correspondente a súa

sesión do pasado día 22, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2019-SUPLE-05 con destino á amortización de operacións de endebedamento vixentes do Concello por un importe de cinco millóns cincuenta e cinco mil trinta e dous euros, con cincuenta e catro céntimos de euro (5.055.032,54 €) financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2018. Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito por un importe de 5.055.032,54 € para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes no Concello, financiado con RLT para GX do exercicio 2018, co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	5.055.032,54
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					5.055.032,54
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO					5.055.032,54
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2018 - Aplicación 87000					

Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 5.055.032,54 €

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.-Total suplemento de crédito.....	5.055.032,54 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	5.055.032,54 €

TOTAL MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO: 5.055.032,54 EUROS

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

5. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2019-SUPLE-06 DE IMPORTE 1.379.570,40 EUROS CON DESTINO AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA BANCARIA MUNICIPAL FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2018.

O informe proposta do pasado día 21, e en relación coa aprobación deste expediente de suplemento de crédito núm. 2019-SUPLE-06, ten o seguinte contido:

“I. ANTECEDENTES.

Informe intervención nº 1112/2019 de 20 de novembro de 2019 de fiscalización do expediente de suplemento de crédito 2019-SUPLE-05.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

O art. 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, dispón:

“32 Destino do superávit orzamentario

1. No caso de que a liquidación orzamentaria sitíase en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. (...)

3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”

A Disposición adicional sexta da propia Lei 2/2012, orgánica de estabilidade, relativa a

“Regras especiais para o destino do superávit orzamentario, establece ao efecto:

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivera un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”

Polo Real decreto-lei 10/2019, de 29 de marzo, prorrogouse para este ano 2019 o destino do superávit das entidades locais para investimentos financeiramente sustentables, logo as referencias ao superávit e ao déficit contidas no apartado dous de dita disposición, deberán entenderse realizadas aos exercicios 2018 e 2019 respectivamente.

III. XUSTIFICACIÓN DO IMPORTE A APLICAR EN CUMPRIMENTO DAS NORMAS QUE REGULAN O DESTINO DO SUPERÁVIT.

A Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF, en diante), establece dúas regras que rexen o destino do superávit orzamentario: o artigo 32 e a disposición adicional 6ª, esta última de aplicación opcional para as entidades locais que cumpran os requisitos esixidos.

Os posibles destinos do superávit/RLTGX permitidos pola antedita disposición adicional son os seguintes e por esta orde:

1. Imputar as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento rexistradas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta 413, así como os pagos pendentes de aplicar anotados na conta 555.
2. Realizar investimentos financeiramente sustentables (IFS en diante).
3. Reducir o endebedamento neto.

Referente á determinación do importe a considerar na asignación do superávit ás finalidades indicadas cómpre advertir que, se o Concello ten entes dependentes, como é o caso do de Santiago de Compostela, aínda que os elementos que interveñen na confrontación (superávit/RLTGX) estímanse en termos de grupo consolidado, deben contrastarse eses compoñentes ente a ente, e comparar en cada un deles o superávit en termos SEC cos respectivos RLTGX/PeG (entes mercantís)

considerando o de menor importe. En definitiva, e tendo en conta o criterio seguido polo propio Ministerio de Facenda, en contestación recollida no documento publicado en marzo do 2018 baixo o nome “*Aplicación de la normativa de estabilidad presupuestaria a las entidades locales. Contestación a las preguntas más frecuentes*”, o importe do superávit/RLTGX consolidado actúa como límite máximo a aportar pola totalidade do grupo, polo que a suma das aportacións de cada ente debe ser menor ou igual a aquel.

Seguindo a pauta descrita, os datos a ter en conta son os seguintes:

	RLTGX/PeG	Superávit	Importe a aplicar
Concello	16.828.888,34	12.207.019,45	12.207.019,45
Auditorio de Galicia	292.249,79	419.101,61	292.249,79
INCOLSA	76.654,48	555.233,37	76.654,48
Refuxio de Animais	-4.452,92	57.510,47	
	17.193.339,69	13.238.864,90	12.575.923,72

Superávit consolidado ano
2018 **13.238.864,90**

RLT para GX consolidado
2018 **17.121.138,13**

Do establecido no cadro anterior, conclúese que o importe a aplicar como destino do superávit do grupo do Concello de Santiago de Compostela é de **12.575.923,72 euros**, sendo que se encontra dentro do límite máximo resultante da liquidación do exercicio 2018 como superávit consolidado do Concello que ascende a 13.238.864,90 euros (menor que a magnitude do RLT para GX consolidado que é de 17.121.138,13 euros).

O importe do superávit consolidado do exercicio 2018 (12.575.923,72 euros) foi obxecto de aplicación polo Concello con base nos expedientes xa aprobados 2019-CREXT-05 e 2019-SUPLE-03 (destino OPAS 2018 e PPA 2018), 2019-SUPLE-04 (amortización de débeda bancaria municipal) e o expediente que se leva a aprobación 2019-SUPLE-05 (amortización de débeda bancaria municipal).

IV. APLICACIÓN DA CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO NON EXECUTADA DO EXERCICIO 2017 CON DESTINO Á AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO VIXENTES NO CONCELLO.

No informe de intervención 1112/2019 de fiscalización do expediente de suplemento de crédito 2019-SUPLE-05, conclúese que con respecto ao emprego do superávit orzamentario do exercicio 2017 que deu lugar á habilitacións de crédito no exercicio 2018 con destino a OPAs, PPA e IFS 2017, non se acadou a fase da obriga recoñecida por un importe total de 1.379.570,40 euros, polo que procede a aplicación a redución de débeda bancaria municipal conforme á regra xeral dos artigos 12 e 32 da LOEOSF,

procedendo o seu financiamento con cargo ao RLT para GX do exercicio 2018. Debe tramitarse esta modificación de crédito e redución da débeda mediante amortización anticipada antes do remate do presente exercicio 2019, non constando esta contía no expediente que se remitiu a fiscalización nº 2019-SUPLE-05.

O detalle do nivel de execución da capacidade de financiamento do exercicio 2017, que cuantifica o importe reflectido no informe de intervención, é o seguinte:

	MC do RLT	Obriga recoñecida	Saldo non aplicado
OPAS (413) e PPA (555)	1.898.909,18	1.505.109,66	393.799,52
AMOTIZAR DÉBEDA	4.183.712,78	4.183.712,78	0,00
IFS 2017	1.803.132,12	817.361,24	985.770,88
	7.885.754,08	6.506.183,68	1.379.570,40

Do establecido con anterioridade pódese concluír que o Concello non executou a totalidade da capacidade de financiamento do seu exercicio 2017, quedando pendente de executar no exercicio 2018 un saldo procedente do crédito habilitado para Operacións Pendentes de Aplicar e Pagos Pendentes de Aplicar de 393.799,52 euros e un saldo procedente de Investimentos Financeiramente Sustentables do 2017 de 985.770,88 euros. Esta situación leva ao Concello a que, seguindo a regra xeral do artigo 32 da LOEOSF, ao non terse destinado a totalidade da súa capacidade de financiamento do exercicio 2017 a algunha das finalidades previstas na DA 6ª ao longo do exercicio 2018, debe detraerse o seu importe do RLT para GX do exercicio 2018, aplicándose á amortización de operacións de endebedamento vixentes do Concello.

Feita esta análise previa, e tendo en conta a data na que se tramita este expediente de modificación de crédito, resulta necesario, segundo o establecido na normativa referenciada, a toma do acordo plenario de aprobación da aplicación efectiva do saldo existente do RLT para GX do exercicio 2018 á amortización de débeda financeira viva municipal mediante a aprobación dun expediente de suplemento de crédito na aplicación **030/01100/91300** nunha contía final de **1.379.570,40 euros**.

O seu detalle é o seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	1.379.570,40
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					1.379.570,40
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO					1.379.570,40
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2018 - Aplicación 87000					

CONCELLO DE SANTIAGO

V. PROPOSTA

Verificado que este expediente de modificación de crédito de aplicación do RLT para GX do exercicio 2018 segue para o seu uso as prioridades emanadas da D.A. 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**.

Logo de ver o carácter específico e determinado do gasto a realizar e que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2019, e de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2019-SUPLE-06 con destino á amortización de operacións de endebedamento vixentes do Concello por un importe de **UN MILLÓN TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS SETENTA EUROS, CON CORENTA CÉNTIMOS DE EURO (1.379.570,40 €)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2018.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) **Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:**

Habilitación de suplemento de crédito por un importe de 1.379.570,40 € para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes no Concello, financiado con RLT para GX do Concello do exercicio 2018, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA DO EXERCICIO 2018			
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	030	01100	91300	1.379.570,40	SC	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2018	87000	1.379.570,40
				1.379.570,40				1.379.570,40

Finanziamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **1.379.570,40 €**

Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.-Total suplemento de crédito.....	1.379.570,40 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	1.379.570,40 €

TOTAL MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO: 1.379.570,40 EUROS

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Figura no expediente informe preceptivo de intervención sobre a aprobación do expediente de data 21 de novembro do corrente ano, núm. 1123/19, máis acordo de aprobación da Xunta de Goberno da mesma data.

De acordo co informe-proposta transcrito, e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas do pasado día 22, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2019-SUPLE-06 con destino á amortización de operacións de endebedamento vixentes do Concello por un importe de **UN MILLÓN TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS SETENTA EUROS, CON CORENTA CÉNTIMOS DE EURO (1.379.570,40 €)** financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2018.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:



CONCELLO DE SANTIAGO

Habilitación de suplemento de crédito por un importe de 1.379.570,40 € para amortizar operaciones de endebedamento que estean vixentes no Concello, financiado con RLT para GX do Concello do exercicio 2018, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: REMANENTE LÍQUIDO DE TESORERÍA DO EXERCICIO 2018		
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	030	01100	91300	1.379.570,40	SC	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2018	87000	1.379.570,40
				1.379.570,40				1.379.570,40



CONCELLO DE SANTIAGO

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA A CREACIÓN DUN CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O texto da proposición do epígrafe presentada polo BNG con data 15 de novembro de 2019, núm. 249, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno destinada a xestionar coa Xunta a colaboración necesaria para implantar un Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando se inaugurou en 2004 o Conservatorio Profesional de Música, que dispuxo dun investimento de 2,3 millóns de euros mais a cesión dunha parcela municipal, quedou como tarefa pendente a implantación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.

Quince anos despois, existe demanda para a creación deste Conservatorio Profesional de Danza para a formación, no dominio técnico e artístico, que permita o acceso do alumnado ao ámbito laboral con cualificación de acordo cos decretos que regulan este modelo de ensino.

Este centro debe ofertar coñecementos estilísticos, coreográficos, históricos, tradicionais, clásicos e neoclásicos, contemporáneos e de novas tendencias para a formación de profesionais na actividade artística da danza en clave galega e con carácter oficial. Deste xeito poderán conseguir a correspondente titulación en cada modalidade, cun plan formativo para a inserción laboral en compañías de danza, de interpretación e de teatro musical, entre outras.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello xestionará coa Xunta a colaboración necesaria para implantar un Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.”

A anterior proposición presentou emenda o grupo municipal de CA con data 25 de novembro do corrente ano, e que foi rexeitada polo BNG.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 5 CA, 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda que o Concello xestionará coa Xunta a colaboración necesaria para implantar un Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.



CONCELLO DE SANTIAGO

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA INSTAR AO NOVO GOBERNO ESPAÑOL A CUMPRIR ACORDOS E REVISAR PROXECTOS PENDENTES CON SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A proposición do epígrafe foi convertida en declaración institucional por unanimidade dos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), e aprobada tamén por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o acordo plenario alcanzado por unanimidade en xullo de 2018 e despois das eleccións xerais do 10N, cómpre reiterarlle ao Goberno entrante a necesidade de unir esforzos para colocar na axenda política local e estatal diversas actuacións comprometidas mais pendentes de execución, xunto coa revisión de determinados proxectos para contribuír ao desenvolvemento socioeconómico, ambiental e de infraestruturas ligadas a Santiago de Compostela.

Deste xeito, faise necesario trasladarlle ao novo Goberno a listaxe de obras comprometidas:

- A execución do enlace orbital completo, unha infraestrutura vital para a mellorar a mobilidade e dar acceso directo ás áreas industriais que está pendente de licitación
- A construción da estación de mercadorías da Sionlla, unha demanda para o transporte de produtos mediante ferrocarril
- O plan de usos para a vella terminal da Lavacolla, unhas instalacións que levan anos abandonadas e infrautilizadas nun emprazamento estratéxico
- O cambio de nome, rotulación e sinalización do aeroporto Rosalía de Castro; unha proposta para dar a coñecer a poeta galega máis universal aprobada no Pleno de xaneiro de 2017 e aínda sen efecto
- O proxecto de humanización da rotonda de Conxo, unha obra inacabada que precisa mellorar os accesos, dotar de seguranza a zona, reducir a contaminación acústica e as zonas peonís para a veciñanza deste barrio
- A estación depuradora de augas residuais, unha infraestrutura clave e urxente para a frear a contaminación e mellorar o ambiente
- As obras de seguranza viaria no Eixo e na Sionlla, puntos negros da rede viaria pola súa alta sinistralidade



- A cesión de terreos do campo de tiro de Bando, unha parcela abandonada por parte do Ministerio de Defensa

-A revisión do convenio da estación intermodal, para a eliminación da cláusula dos 3,5 millóns de persoas pasaxeiras do convenio que pode condicionar esta obra

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación municipal reitera o acordo para instar o novo Goberno español entrante ao cumprimento dos acordos comprometidos con Santiago de Compostela en materia de infraestruturas, ademais da revisión daqueles necesarios para o desenvolvemento socioeconómico e ambiental que supoñen un agravio comparativo con outras cidades galegas.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, PARA IMPULSAR UNHA RENDA DE GARANTÍA INFANTIL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Con data 15 de novembro de 2019, núm. 257, presentouse a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura dar continuidade ao esforzo en políticas sociais implementadas anteriormente polo Concello e impulsar unha renda de garantía infantil que facilite o acceso ás axudas ás familias con fillas/os.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos o Concello de Santiago foi pioneiro no relativo ás políticas sociais, conseguindo ser dos primeiros municipios en aprobar e implementar unha ordenanza de garantía básica cidadá que chega a 350 familias. Na mesma liña fíxose un esforzo para mellorar o Servizo de Axuda no Fogar, duplicando o orzamento e conseguindo reducir a cero as listas de agarda; abriuse o programa de bonotaxi para mellorar a mobilidade das persoas maiores ou das que viven no rural; e ampliouse a atención ás persoas sen fogar cos ‘equipos de rúa’ de Cruz Vermella e cos tres pisos de saída con Feafes, seguindo un modelo pioneiro no Estado como o “Housing First”.

Con especial atención á infancia, o programa de bolsas de comedor multiplicouse por sete alcanzando no ano académico 2018-2019 a cifra de 586.000 € para 1.165 axudas. Un importante esforzo para aumentar as axudas escolares e para comedor que debe ser consolidado no presente mandato, co obxectivo de seguir construíndo unha Compostela máis inclusiva e accesible, que garanta os dereitos sociais de todos e todas. É fundamental que as administracións públicas garantan os dereitos sociais de toda a



poboación, e aínda con maior insistencia no caso dos colectivos máis vulnerábeis, como o caso da infancia.

En 1959, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración dos dereitos da infancia. Este recoñecemento foi o primeiro gran consenso internacional sobre os principios fundamentais dos dereitos das crianzas e recollía varios principios entre os que sétimo deles enuncia:

Principio 7: As crianzas teñen dereito a recibir educación, que será gratuíta e obrigatoria polo menos nas etapas elementais. Recibirase unha educación que favoreza a súa cultura xeral e permítelle, en condicións de igualdade de oportunidades [...] As crianzas deben gozar plenamente de xogos e recreación, que deben estar orientados aos obxectivos que persegue a educación; a sociedade e os poderes públicos esforzaranse por promover o goce deste dereito.

Desde aquela temos avanzado moito, do punto de vista, da construción normativa tanto no relativo á garantida dos dereitos sociais como, nomeadamente, aos dereitos das nenas e nenos. Concretamente, no noso país a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, estrutura e regula as políticas sociais galegas para que os poderes públicos galegos garantan os dereitos sociais das persoas co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas. Marcando no seu artigo 3º dentro dos seus obxectivos:

Artigo 3º. Obxectivos do sistema galego de servizos sociais. c) Darlles protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aqueloutras persoas que se atopen en situación de conflito ou de desamparo.

No desenvolvemento desta normativa e dentro das disposicións reguladoras dos servizos sociais comunitarios o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, no seu Capítulo III a Sección 4ª Disposicións relativas ao servizo de educación e apoio familiar des

Artigo 19. Natureza e obxectivos. d) Previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia, ou a algún dos seus membros, con especial atención aos menores de idade.

Artigo 20. Persoas destinatarias do servizo de educación e apoio familiar. 1. O programa diríxese con carácter xeral ás familias da comunidade de referencia dos servizos sociais comunitarios, con atención prioritaria a aquelas unidades de convivencia que se encontren en situación de maior vulnerabilidade, nas cales exista presenza de menores en risco de desatención ou nas cales se identifiquen outros factores que revelen unha situación de risco de exclusión social ou pobreza infantil.

Tamén a Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, reformada pola Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que na nova redacción do artigo 25.2.e) atribúelles aos concellos a competencia



propia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

E máis recentemente, a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, o seu artigo 8. atribúelle ao municipio competencia para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias:

Artigo 8. Competencias. 2. O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da veciñanza.

O municipio exercerá, en todo caso, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais, competencias nas seguintes materias:

- a) A prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos.*
- b) A execución de programas e proxectos destinados á atención á familia.*
- c) A participación na xestión da atención primaria da saúde e o desenvolvemento de programas de promoción da saúde, educación sanitaria e protección dos membros da familia con riscos específicos que se prevexan nos plans de saúde.*
- d) As actividades e instalacións culturais, deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.*

Por todo isto, é importante dotarse de ferramentas que posibiliten que as axudas sociais poidan chegar antes e dun xeito mellor organizado e por iso propomos unha Renda de garantía infantil que promova a igualdade de oportunidades no acceso á educación, de xeito que ningunha crianza quede atrás por razóns socioeconómicas. Esta renda infantil estaría encadrada dentro da ordenanza de garantía básica cidadá e garantiría un ingreso mínimo por filla ou fillo para as familias con escasos recursos. Uns ingresos que permitan garantir os dereitos básicos de alimentación e escolarización, así como da participación social en actividades culturais, deportivas ou de ocio, tan necesarias para completar a súa formación, socializar e en definitiva desenvolverse e crecer en sociedade. Unha renda que permitiría ofrecer estabilidade e autonomía ás familias para que teñan liberdade para realizar os investimentos sociais que estimen oportunos. Familias e menores que contaría co apoio e acompañamento dos profesionais e técnicos da área social, e así favorecer o combate ás situacións de maior vulnerabilidade.

Así pois, tendo en conta todo o anterior e que o Concello de Santiago conta coas competencias que lle permiten continuar a avanzar na promoción da igualdade de oportunidades da infancia, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:



Impulsar unha Renda de garantía infantil que supere o actual programa de bolsas escolares e que promova a igualdade de oportunidades no acceso á educación e a participación social, de xeito que ningunha crianza quede atrás por razóns socioeconómicas.”

No transcurso do debate auséntase durante un breve período de tempo o señor Alcalde, presidindo a sesión o segundo tenente de alcalde, señor Guinarte Cabada.

Volve a incorporarse o señor alcalde a sesión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e BNG (5 CA e 2 BNG), 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo popular, rexéitase a presente proposición.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN MUNICIPAL PARA DETERMINAR OS INCENTIVOS FISCAIS PARA O COMERCIO MINORISTA.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 18 de novembro do corrente ano, núm. 259, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do comercio minorista é un dos mais importantes do Concello, que aglutina a creación e o mantemento de centos de postos de traballo, ás veces familias enteiras, constituíndo tamén un sector estratéxico e dinamizador da economía local.

A creación de grandes centros comerciais, así como a ausencia dunha decidida política pública local orientada a apoiar e fomentar a este sector e a crecente implantación do comercio electrónico, está facendo que os comerciantes padezan unha continuada crise que ameaza a pervivencia e a vitalidade do tecido comercial tradicional nas distintas zonas da cidade.

Tratando de contribuír a aminorar o impacto desta situación, o Grupo Municipal Popular, con ocasión da tramitación das Ordenanzas Fiscais 2020, presentou a finais do pasado mes de outubro unha oferta de PACTO FISCAL ao Goberno Municipal e aos demais grupos. Entre as medidas que se propoñían atopábase, precisamente, un paquete de medidas fiscais en favor do comercio minorista que, aínda que non por cuestións técnicas non se puideron aprobar, contaron cunha favorable e explícita predisposición para seren tomadas en conta por parte do conxunto dos grupos municipais.



A boa situación financeira do Concello, posta de manifesto a través dos diferentes instrumentos de control financeiro como a Liquidación e a Conta xeral, evidencian unhas positivas magnitudes e indicadores económicos, cun superávit de 17,1 millóns de euros, así como baixas porcentaxes de débeda, xunto cun aumento xeneralizado na recadación, tanto en impostos directos coma indirectos, que permiten afrontar sen lugar a dúbidas un paquete medidas fiscais en favor do comercio minorista.

Partindo da proposta presentada ao Pleno polo Grupo Municipal Popular, que englobaba catro medidas específicas -en concreto e segundo a zonificación que se puidera establecer pola Corporación Municipal: unha bonificación gradual no IBI; o establecemento de cotas diferenciadas graduais na taxa de apertura; a rebaixa gradual no impostos de construcións para acondicionamentos, reformas, etc.; e a rebaixa gradual no Imposto de Plusvalías-, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración e aprobación pola Corporación Municipal, se procede, o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a dar os pasos necesarios para crear unha Comisión especial para a fixación dos incentivos fiscais destinados ao comercio minorista de Santiago de Compostela, composto por un concelleiro de cada Grupo Municipal, que poderán estar acompañados polos correspondentes portavoces, co específico mandato de que, nun prazo máximo de seis meses, e previos os estudos e reunións necesarias cos diferentes sectores e técnicos municipais, se determinen e eleven as principais directrices dos incentivos fiscais a propoñer aos servizos técnicos municipais para que estes elaboren, coa técnica normativa que corresponda, a proposta a aprobar polo Pleno da Corporación.”

Á devandita proposición presentou emenda de substitución o grupo municipal do PSdeG-PSOE, coa seguinte proposta de resolución:

“O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a dar os pasos necesarios para crear unha Comisión especial para estudar e traballar conxuntamente co sector comercial na busca de fórmulas que faciliten tanto a consolidación como a creación do comercio minorista e de proximidade, incentivando o emprendemento e a creación de emprego. A tal efecto, abordaranse conxuntamente as medidas que se consideren oportunas incluíndo as medidas fiscais orientadas a apoiar o comercio de proximidade e penalizar, de ser o caso, na medida do legalmente posible, a proliferación de locais baleiros.”

Sendo aceptada a emenda de substitución, agás a última liña, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a dar os pasos necesarios para crear unha Comisión especial para estudar e traballar conxuntamente co sector comercial na busca de fórmulas que faciliten tanto a consolidación como a creación do comercio minorista e



de proximidade, incentivando o emprendemento e a creación de emprego. A tal efecto, abordaranse conxuntamente as medidas que se consideren oportunas incluíndo as medidas fiscais orientadas a apoiar o comercio de proximidade.

Interrómpese a sesión cando son ás 19:15 horas e reanúdase ás 20:21 horas, incorporándose todos/as os asistentes, agás a concelleira Dona Noa Susana Díaz Varela e o señor interventor.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A OPTIMIZACIÓN DA CONEXIÓN DA CIDADE DA CULTURA COA AP-9 E MELLORA DAS VÍAS DE ACCESO DESDE SAR E AS FONTIÑAS.

O texto da proposición presentada con data 18 de novembro, núm. 260, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A apertura da conexión da Cidade da Cultura coa AP-9 no pasado mes de febreiro supuxo a culminación dunha obra ansiada, froito da colaboración institucional entre o Goberno de España, a Xunta de Galicia, a Fundación da Cidade da Cultura e Audasa, á que se destinaron 3,5 millóns de euros.

O obxectivo fundamental desta actuación era crear un “novo enlace de conexión co complexo da Cidade da Cultura e Santiago de Compostela Centro”, tal e como refería o propio Ministerio de Fomento no día da inauguración, engadindo que “mellorará a accesibilidade cara ao centro de Compostela (Fontiñas, Sar) e se aliviará a conxestión existente en horas punta no nó de Santiago Norte”.

Aquel obxectivo cumpriuse só en parte, porque aínda que o acceso ao complexo cultural resulta plenamente eficaz, a virtual conexión cara ao centro da cidade -que se destaca nos paneis informativos sobre a autoestrada- atópase moi limitada, sobre todo polas dificultades que ofrecen as vías secundarias que conectan coa Avenida Manuel Fraga e tamén pola insuficiente e incompleta sinalización que as persoas usuarias se atopan para acceder ao centro urbano ou para empregar este acceso á AP-9 como saída alternativa.

Lograr unha mellora da accesibilidade e da mobilidade neste ámbito debe constituír unha prioridade para o Concello, tendo en conta que estamos a falar dunha área que concentra importantes centros tractores de vehículos e tamén de peóns, como a propia Cidade da Cultura, o multiusos e as instalacións deportivas de Fontes do Sar, unha área comercial, sedes de organismos públicos, equipamentos educativos, sanitarios ou xudiciais e unha ampla zona residencial. Todo este potencial próximo, xunto co tráfico interior que habitualmente discorre entre Sar e As Fontiñas e o fluxo de visitantes -hoxe



non moi numeroso, pero que sen dúbida se incrementará notablemente no futuro inmediato- que accedan ou abandonen a cidade por este acceso, fan necesario potenciar todas as súas posibilidades.

Para lograr unha optimización deste acceso sería preciso, nun primeiro momento, planificar unha mellora da sinalización que advirta coa antelación e coa precisión necesarias, tanto dos principais destinos para quen acceda á cidade: como o centro histórico ou o complexo da Xunta de Galicia (os pequenos sinais colocados na actualidade unicamente mencionan os barrios de Sar e das Fontiñas); e tamén engadir á sinalización actual que se fai no trazado urbano (especialmente nos arredores das Fontiñas) para o acceso á Cidade da Cultura a posibilidade de chegar na mesma dirección á autoestrada AP-9.

Esa mellora da información sen dúbida levaría a unha maior utilización deste acceso, polo que tamén canto antes debería proxectarse unha mellora da capacidade e das condicións de seguridade viaria das vías que enlazan coa Avenida Manuel Fraga, de forma especial as rúas Diego Bernal e Fontes do Sar, desde hai tempo necesitadas dunha mellora que as adapte ao crecemento e intensidade no eu uso e que garanta a súa capacidade para satisfacer as demandas de mobilidade que se xerarán para o ano 2021 e posteriores.

Consonte coa anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular proponlle á Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno local a:

- Impulsar unha mellora da sinalización do acceso ao enlace da AP-9 desde a Cidade da Cultura, coa finalidade de facilitar a información, tanto das zonas de referencia da cidade para quen acceda á glorieta das rúas Diego Bernal e Fontes do Sar, como para indicar o acceso á AP-9 desde a Avenida Manuel Fraga para quen desexe abandonar ou circunvalar a cidade.
- Proceder á redacción dun proxecto para a mellora da mobilidade e a accesibilidade a través das rúas Diego Bernal e Fontes do Sar e a súa posterior execución, para contribuír a facer plenamente operativo e funcional o enlace da AP-9 desde Cidade da Cultura como acceso central á cidade e para a mellora de todo o ámbito comprendido entre os barrios de Sar e As Fontiñas.”

Con data 27 de novembro de 2019, núm. 290, presentou o grupo municipal de CA emenda de engadega co seguinte contido:

“Desenvolver todas as xestións precisas, tanto de iniciativa municipal como instando a outras administracións, para que se proxecte e execute o novo viario previsto no PXOM



que conecte a rúa do Sandino co complexo da Cidade da Cultura e polo tanto co novo enlace da autoestrada AP-9.”

Admítese por parte do grupo municipal Popular a emenda de engadega presentada polo grupo de CA.

Reincorpórase á sesión a concelleira dona Noa Susana Díaz Varela.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda:

- Impulsar unha mellora da sinalización do acceso ao enlace da AP-9 desde a Cidade da Cultura, coa finalidade de facilitar a información, tanto das zonas de referencia da cidade para quen acceda á glorieta das rúas Diego Bernal e Fontes do Sar, como para indicar o acceso á AP-9 desde a Avenida Manuel Fraga para quen desexe abandonar ou circunvalar a cidade.
- Proceder á redacción dun proxecto para a mellora da mobilidade e a accesibilidade a través das rúas Diego Bernal e Fontes do Sar e a súa posterior execución, para a mellora de todo o ámbito comprendido entre os barrios de Sar e As Fontiñas.
- Desenvolver todas as xestións precisas, tanto de iniciativa municipal como instando a outras administracións, para que se proxecte e execute o novo viario previsto no PXOM que conecte a rúa do Sandino co complexo da Cidade da Cultura e polo tanto co novo enlace da autoestrada AP-9.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 24/09/19 ao 24/10/19 (6784 ao 7776).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

- Acta núm. 58 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 25/09/19.
- Acta núm. 59 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 27/09/19.
- Acta núm. 60 correspondente á sesión ordinaria do día 30/09/19.
- Acta núm. 61 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 1/10/19.
- Acta núm. 62 correspondente á sesión ordinaria do día 7/10/19.
- Acta núm. 63 correspondente á sesión ordinaria do día 14/10/19.
- Acta núm. 64 correspondente á sesión extraordinaria urxente 18/10/19.
- Acta núm. 65 correspondente á sesión ordinaria 21/10/19.
- Acta núm. 66 correspondente á sesión ordinaria 28/10/19.
- Acta núm. 67 correspondente á sesión extraordinaria urxente 31/10/19.
- Acta núm. 68 correspondente á sesión ordinaria 4/11/19.

13. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal de CA, de data 12 de novembro de 2019, núm. 246.
Do grupo municipal do BNG, de data 15 de novembro de 2019, núm. 251.
Do grupo municipal do BNG, de data 15 de novembro de 2019, núm. 252.
Do grupo municipal de CA, de data 18 de novembro de 2019, núm. 263.
Do grupo municipal de CA, de data 18 de novembro de 2019, núm. 264.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 270.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 271.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de novembro de 2019, núm. 253.
Do grupo municipal do BNG, de data 15 de novembro de 2019, núm. 254.
Do grupo municipal de CA, de data 18 de novembro de 2019, núm. 265.
Do grupo municipal de CA, de data 18 de novembro de 2019, núm. 266.
Do grupo municipal do BNG, de data 19 de novembro de 2019, núm. 267.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 272.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 273.
Do grupo municipal do PP, de data 19 de novembro de 2019, núm. 274.
Do grupo municipal de CA, de data 3 de outubro de 2019, núm. 169.
Do grupo municipal de CA, de data 19 de novembro de 2019, núm. 279.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, de data 28 de outubro de 2019, núm. 228.
Do grupo municipal de CA, de data 28 de outubro de 2019, núm. 229.
Do grupo municipal de CA, de data 30 de outubro de 2019, núm. 230.
Do grupo municipal de CA, de data 30 de outubro de 2019, núm. 231.
Do grupo municipal de CA, de data 30 de outubro de 2019, núm. 232.
Do grupo municipal do PP, de data 4 de novembro de 2019, núm. 233.
Do grupo municipal do PP, de data 5 de novembro de 2019, núm. 235.
Do grupo municipal do PP, de data 5 de novembro de 2019, núm. 236.
Do grupo municipal do PP, de data 5 de novembro de 2019, núm. 237.
Do grupo municipal do PP, de data 6 de novembro de 2019, núm. 239.
Do grupo municipal de CA, de data 6 de novembro de 2019, núm. 240.
Do grupo municipal de CA, de data 15 de novembro de 2019, núm. 255.
Do grupo municipal de CA, de data 15 de novembro de 2019, núm. 256.

14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 4 de novembro de 2019, núm. 234 presentada polo grupo municipal do BNG, para impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno e favorezan o retorno das persoas emigradas.



Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2019, núm. 245, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para aprobar unha batería de medidas para a recuperación ambiental do río Sar.

Rexistro de entrada do día 14 de novembro de 2019, núm. 248, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para fomentar o retorno do talento da nova diáspora galega a Santiago de Compostela.

Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2019, núm. 261 presentada polo grupo municipal do BNG, para instar á Deputación a estudar a modificación do proxecto da senda peonil entre Santiago e Figueiras.

Rexistro de entrada do día 18 de novembro de 2019, núm. 262, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a nova licitación e o novo mapa de rutas do transporte urbano de Santiago.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 268, presentada polo grupo municipal do BNG, para a construción dun centro de día nas Fontiñas.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 269, presentada polo grupo municipal do BNG, para convocar os consellos de participación cidadá.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 275, presentada polo grupo municipal do PP, para a adopción de medidas de impulso para eliminar a violencia contra a muller e a explotación sexual.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 276, presentada polo grupo municipal do PP, para a instalación de desfibriladores externos semiautomáticos nas instalacións municipais.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 277, presentada polo grupo municipal do PP, para a edición dun libro sobre a vinculación de Ricardo Carvalho Calero coa cidade de Santiago.

Rexistro de entrada do día 19 de novembro de 2019, núm. 280, presentada polo grupo municipal de CA, para a celebración do bicentenario do nacemento de Concepción Arenal.

Os textos das mocións presentadas transcríbense a continuación.

“MOCIÓN PARA IMPULSAR POLÍTICAS QUE ASEGUREN O DEREITO A UN TRABAJO DIGNO E FAVOREZAN O RETORNO DAS PERSOAS EMIGRADAS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno e favorezan o retorno das persoas emigradas, de acordo coa iniciativa da Plataforma Vía Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No poema Pra a Habana!, a nosa poeta Rosalía de Castro plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e



nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017-últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu *Pra a Habana!* a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza minguante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e



outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

-A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, enerxético, biotecnoloxía e da madeira, o comercio de proximidade e das TIC.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA APROBAR UNHA BATERÍA DE MEDIDAS PARA A RECUPERACIÓN AMBIENTAL DO RÍO SAR

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

“Entre o Sar e o Sarela, Santiago de Compostela” este dito popular define á perfección a importancia que os dous ríos que contornan a nosa cidade teñen para poder entender a nosa ocupación do territorio actual. Principalmente, o río Sar, afluente do río Ulla pola súa banda dereita, que nace na compostelá parroquia de Bando discorrendo polas parroquias e barrios de Sar, Conxo, Vidán, Laraño e Villestro. Na Ponte Vella xúntaselle o seu principal afluente, o río Sarela, despois de discorrer pola banda leste do noso municipio desde a Peregrina e cruzando o Romáño, Vista Alegre e San Paio, até chegar a Vidán.

A importancia do río Sar está perfectamente documentada, mesmo con rexistros fotográficos no que se mostra navegable hai tan só cen anos, algo que hoxe por hoxe semella impensable. Malia a iso, do punto de vista medioambiental, o Sar leva padecendo moitos anos a contaminación das súas augas por causa da insuficiente depuración das augas residuais de Santiago de Compostela e dos numerosos verquidos

incontrolados que frecuentemente se producen ao longo do seu leito, xunto coa incapacidade da actual EDAR da Silvouta para sanear unha grande parte das augas residuais que produce a cidade. No anterior mandato, o goberno municipal avanzou na solución desta problemática ao salvar o espazo natural do Souto de ser destruído e reencamiñar a construción dunha nova depuradora no mesmo emprazamento que a actual. Unha nova EDAR que contará cunha mellor tecnoloxía e que será parte necesaria nas melloras que o río precisa para a súa restauración ambiental.

Unha riqueza ambiental que, aínda a pesar da degradación ao que está sometido pola acción humana, continúa a ser enorme e moi diversa xa que nas súas ribeiras aínda se pode atopar unha gran cantidade de fauna e flora. Para a defensa desta diversidade impulsouse a Plataforma pola recuperación do Río Sar desde principios do 2012, un colectivo que reivindica manter e conservar unha biodiversidade faunística e florística tan ampla como sexa posíbel, tanto en variedade de especies como na que sedensidade das súas poboacións, así como a consecución duns parámetros fisicoquímicos que permitan a existencia e a pervivencia dun axeitado equilibrio ecolóxico. Non esquecemos a preservación do patrimonio cultural e etnográfico de forma que, xunto co patrimonio natural, sexan fonte de riqueza para toda a bisbarra por onde discorre o río.

Por todo isto, e tendo en conta que a PLATAFORMA POLA RECUPERACIÓN DO SAR formula unha batería de medidas necesarias para favorecer a conservación do río, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Demandar a participación dalgún representante do Concello (técnico) no equipo avaliador do procedemento de diálogo competitivo para a determinación do proxecto de construción da depuradora de Silvouta. Actualmente tan só esta composto por dous técnicos de ACUAES. Tendo en conta que o Concello é o único pagador dos proxectos preliminares, 450.000 €, consideramos imprescindible a presenza de algún representante do Concello.
2. Solicitar información de como van as investigacións e sancións relativas ás verteduras que se produciron ao río Sar á altura das piscinas municipais os días 25 de agosto e 12 de setembro (vertidos de cor branco), e verteduras na Ponte de Sar o 26 de Marzo (vertidos de cor marrón). Así mesmo, instar á empresa VIAQUA a realizar as obras das acometidas de augas residuais de vivendas que verten directamente ao río na Travesía da Fervenzas e en Poza Real en Conxo.
3. Solicitar información de como vai a redacción do proxecto do colector interceptor xeral do río Sarela, iniciado no ano 2016, e encargado polo ministerio a empresa FULCRUM, por un importe de 192.192 euros.
4. Interpoñer una queixa ante a Xunta de Galicia pola mala limpeza realizada no mes de agosto e solicitar a Augas de Galicia a retirada dos troncos cruzados no río e os tubos



vellos que se atopan na canle do Sar, así como a limpeza augas abaixo da EDAR de Silvouta ata o Souto.

5. Instar á Xunta de Galicia a declarar O Souto como Espazo Natural de Interese Local (ENIL)
6. Solicitar a protección hidrolóxico-forestal de todas as cuncas hidrográficas do Sar, mediante a conservación e restauración das brañas e regatos de monte, erradicando as especies pirófitas e invasoras como os eucaliptos, promovendo no seu lugar os bosques autóctonos de ribeiras e ladeiras.
7. Demandar unha limpeza urxente da planta invasora “herba da pampa” que se esta a propagar sobre os terreos onde se executaron as obras do colector nas marxes do Sar (zona de Torrente, a Rocha e a Ecurridía).
8. Solicitar a restauración das pontes sobre o río Sar.
9. Solicitar a conservación, protección e actualización do catálogo de bens culturais respecto aos elementos patrimoniais vinculados ao río Sar, en particular o relacionado as decenas de muíños fariñeiros que non aparecen no catalogo e que están a piques de desaparecer.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA FOMENTAR O RETORNO DO TALENTO DA NOVA DIÁSPORA GALEGA A SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galicia é un país que historicamente, e fundamentalmente desde o século XIX, non se restrinxe exclusivamente ás súas fronteiras ou territorio. O noso país existe alén da nosa xeografía e está representado na nosa diáspora, nomeadamente en América e Europa. Unha emigración que, lonxe de ficar no pasado e na Historia galega, é tamén unha realidade actual e sobre a que se deberían implementar políticas públicas e unha estratexia clara que tente recuperar o capital humano e talento formado en Galicia.

Así, entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 1 de xaneiro de 2018, 47.105 persoas de entre 20 e 39 anos emigraron desde algún dos 313 municipios de Galicia ao estranxeiro. Os movementos migratorios causados pola chamada “crise” restaron ao censo 2.472 mozas e mozos na última década, un recorte perigosamente debilitador que afecta á franxa máis reducida da poboación como é a dos nados entre o 1978 e 1997. A caída das



cifras neste grupo de poboación emigrante é máis acentuada en Galicia, un 3,7% máis que a media do Estado, cun 26,2% menos durante o período 2008-2018.

No 2018 marcharon de Santiago de Compostela 567 emigrantes e recibimos 1.384 inmigrantes estranxeiros. Tamén na provincia da Coruña, en Galicia é cara outras comunidades do Estado, as cifras de emigrantes son menores que as de inmigrantes. Un dato máis: o último saldo vexetativo de Santiago é de -189, cifra que indica que no municipio morreu máis xente da que naceu o pasado ano.

O reto de aumentar a poboación do Concello ata 100.000 habitantes implica activar políticas públicas de acollida da inmigración e posibilitar a súa integración na vida da cidade, con especial atención á situación dos colectivos de refuxiados. A maiores da atención que debemos prestar aos refuxiados e aos inmigrantes, a institución municipal debe considerar a recuperación da forza e o talento da mocidade na diáspora e desenvolver medidas pola internalización e retorno das novas e novos na última diáspora. Sabemos que a fuxida da precariedade laboral -provocada polas políticas neoliberais impostas nas últimas décadas- cara contornas laborais máis estábeis foi unha variable definitiva na decisión da mocidade galega.

Non compartimos un enfoque malthusiano da emigración galega, fenómeno social historicamente diverso, “hai moitas diásporas galegas” como subliña o profesor Núñez Seixas. Entendemos os emigrantes como actores que toman unha decisión baseada nunha avaliación de oportunidades e non como poboación forzada pola pobreza á emigrar sen autonomía para avaliar os seus recursos e as posibilidades.

A quinta e actual vaga migratoria de Galicia exporta emigrantes cualificados dunha forma máis acentuada que nas anteriores vagas. Aínda subsisten restos das redes transnacionais de apoio trazadas polos actores das antigas diásporas, mais a nova diáspora galega é multipolar e multicausal, condicionada culturalmente e atravesada polos novos medios de comunicación que permiten unha interacción inmediata coa casa caracterizada pola globalización e inmediatez das ferramentas actuais de información e organización.

No resumo executivo da Estratexia de Emigración 2020 da Xunta de Galicia atopamos medidas e obxectivos que abordan o fomento ao retorno e a integración da muller e a mocidade na xestión das entidades galegas no exterior e programas como *Conecta con Galicia* e *Aventúrate con Galicia*, entre outras medidas.

Desde o Grupo Municipal de Compostela Aberta proxectamos a cidade Santiago de Compostela como capital da Galicia interterritorial e acreditamos que a institución municipal ten moito que dicir e facer polas mozas e mozos de Compostela e do país na emigración. O Concello tamén debe ofrecer medidas concretas como estas que presentamos a debate plenario e coas que agardamos concitar o consenso dos grupos municipais nunha acción sensible ao retorno da forza de traballo e a innovación que pode integrar na cidade a mocidade galega na diáspora.



Acreditamos que os municipios galegos deben sumar activamente á abordaxe dos movementos migratorios. A nosa cidade como capital do país ten a obriga de impulsar novos camiños e sumar medidas na abordaxe das políticas públicas favorábeis ao retorno das galegas e galegos no exterior.

No 2017 celebrouse no Centro Cívico do Romaño un encontro de alto interese para posibilitar a creación dun Observatorio Galego da Nova Diáspora. No anterior goberno municipal consideramos prioritario posibilitar este encontro de galegas e galegos que artellan novas redes de comunicación e organización para incorporar o coñecemento e produción cultural e creativa da Galicia extraterritorial. Posibilitamos a documentación deste encontro en aberto na web ONDA.gal, unha ferramenta imprescindible para coñecer á natureza da última comunidade diaspórica galega e artellar os seus aportes no discurso da cultura galega actual. Consideremos que esta primeira edición abriu un camiño innovador e neste novo mandato traemos a debate plenario a súa continuidade para asentar unha relación multidireccional desde a capital do país cos diversos pensamentos e a accións da Galicia exterior.

En por iso, e tendo en conta que estamos xa nas portas dun novo Xacobeo que ten como reto a integración do pensamento completo do territorio do país, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a integrar de forma transversal nas convocatorias de axudas tanto ás empresas como aos entes sen ánimo de lucro a integración, como criterio puntuable, do colectivo de galegas e galegos na diáspora con especial atención á mocidade.
2. Convocar unhas axudas municipais de emprego tanto para empresas como para entidades sen ánimo de lucro radicadas en Santiago de Compostela que faciliten a contratación de galegas e galegos no exterior e favorezan a internacionalización e o retorno á capital de mozas e mozos, prestando unha especial atención a conectar o tecido empresarial, as asociacións e fundacións compostelás coas organizacións das galegas e galegos no exterior que están innovando na construción de novas redes adaptadas á natureza multipolar e dixital da nova diáspora galega.
3. Integrar desde agora nas convocatorias de axudas municipais á nova diáspora residente na Galicia extraterritorial como criterio transversal puntuable de forma semellante á acción política que se está a implementar cos colectivos de mulleres para levar adiante políticas de igualdade transversais ou coa poboación residente no rural, nomeadamente a de espazos illados, para acadar o equilibrio territorial.
4. Instar á Xunta de Galicia a colaborar co Concello de Santiago para desenvolver conxuntamente, en Compostela, unha programación específica de expresións culturais e creativas da mocidade galega na nova diáspora para dar visibilidade á creación e ao



pensamento da Galicia exterior durante a celebración do Xacobeo 2021 na capital do país.

MOCIÓN PARA INSTAR A DEPUTACIÓN A ESTUDAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA SENDA PEONIL ENTRE SANTIAGO E FIGUEIRAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno destinada a instar a Deputación a estudar a modificación do proxecto da senda peonil entre Santiago e Figueiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto da senda de Figueiras na DP-7803, que vai desenvolver a Deputación da Coruña cun orzamento base de licitación de 754.128,97 euros, prevé a ampliación da beiravía actual da estrada que pasa, como criterio xeral, do medio metro actual aos 2,80 metros de ancho. O espazo gañado permite repor unha beiravía dun metro e habilitar unha senda de 1,80 metros de ancho que poida ser empregada polos peóns que se desprazan pola vía.

Esta ampliación da beiravía obriga a retranquear postes que soportan tendidos aéreos de telefonía, electricidade e iluminación pública e, ademais, prolongaranse aquelas obras de drenaxe que sexa necesario para executar a ampliación da beiravía. Esta actuación complétase coa reposición da sinalización e marcas viarias.

Ante a existencia dun certo descontento social e a posibilidade de introducir melloras neste proxecto, que supón un importante investimento, o BNG quere facerse eco das posibilidades. Segundo expón Nova Xeira, a asociación veciñal de Figueiras, na redacción do proxecto desta senda peonil na DP-7803 entre Santiago e Figueiras non se prevé ningunha zona á marxe do carril de circulación para que o servizo de transporte público, urbano ou escolar poida facer as paradas con seguranza para persoas viaxeiras e vehículos.

Ademais, as persoas propietarias dos predios nº 21, 22, 23, 28, 29, 30 e 31 no lugar de Bar de Abaixo non están conformes coa valoración da indemnización dos prexuízos pola rápida ocupación.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar a Deputación da Coruña a estudar as posibilidades de facer unha modificación no proxecto de senda peonil na DP-7803 entre Santiago de Figueiras para melloralo, de tal maneira que se teña en conta o seguinte:

1.- Inclusión das paradas do bus nos puntos Casa do Rego 0+200, Bar de Abaixo 0+800, Bar de Arriba 0+200, Cruce do Pedroso 1+720 e Moas de Arriba 2+240.

2.- Realización dunha reforma do proxecto de obras coa adecuación do camiño que accede ás edificacións por riba, con acceso á CP-7803, para habilitar prazas de aparcamento sen necesidade de expropiar terreos nin afectar a edificabilidade das parcelas.

3.- Reconstrución dos valados e dos muros, realización de novas conexións aos servizos e accesos a vivendas para persoas con mobilidade reducida.

4.- Inclusión na valoración do xusto prezo dos gastos derivados da modificación das follas de rexistro e do prexuízo causado pola perda de edificabilidade, con informe pericial para estas circunstancias.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A NOVA LICITACIÓN E O NOVO MAPA DE RUTAS DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No anterior mandato municipal o goberno local realizou un novo deseño da rede de transporte urbano, para incluír nos pregos do novo concurso para a concesión do servizo. Un deseño que foi o resultado de analizar por primeira vez cales son os principais puntos xeradores e atractores de viaxeiros, porque ata o de agora as rutas fóronse modificando para satisfacer necesidades puntuais sen avaliar estratexicamente todo o servizo, e iso fixo que as liñas se solaparan entre elas. O obxectivo último deste novo mapa é dignificar o transporte público e facer que o autobús sexa unha alternativa fiable para a veciñanza, independentemente de se dispón ou non de vehículo privado.

Así, neste novo mapa simplifícase a rede actual pasando das 22 liñas existentes na actualidade a só 11 pero cubrindo un ámbito xeográfico aínda maior, e mellorando as frecuencias. Ademais, na planificación elaborada existía unha transición progresiva, de xeito que primeiro se reducía a 15 liñas, porque existen catro liñas que seguirán dependendo da Xunta ata finais deste ano 2019 por sentenza xudicial, que agora deberán ser asumidas polo Concello.

Neste proposta de mapa, das 11 liñas finais, tres serán troncais e cubrirían máis do 60% dos viaxeiros, con frecuencias de 10 e 12 minutos. Habería outras tres liñas circulares, entre elas a denominada "liña 0" pola periferia da cidade histórica, con frecuencias de entre 20 e 30 minutos; e catro liñas radiais, cunha frecuencia de 30 minutos, fronte aos



60 minutos ou máis que teñen algunhas rutas na actualidade. O mapa completase cunha liña lanzadeira ao aeroporto que a partir do 4 de decembro pode ser enteiramente municipal.

A concesión destas liñas completárase cun novo servizo de transporte a demanda para a zona rural, con vehículos máis pequenos, para chegar todas as parroquias e así cubrir as rutas nos horarios nos que se determine que existe demanda. Xestionando desde Tussa este servizo e en función de cinco áreas rurais predeterminadas para chegar a todo o rural de Compostela, mesmo a puntos que polo volume de viaxeiros non son rendibles no servizo concesionado.

Tamén, nas previsións do anterior goberno estaban as de contar cunha nova flota de autobuses, que substituían os vehículos que están funcionando na actualidade e que están en mal estado. Prevendo que a concesionaria dispuxera de ata 60 autobuses, apostando polos vehículos híbridos e/ou eléctricos, e esixindo maiores niveis de confort e accesibilidade. Vehículos híbridos ou eléctricos, que serían obrigatorios no caso da liña 0, para a cidade histórica. Ademais, de que todos os autobuses deberían ter dobre rampla accesible, manual e eléctrica.

Un deseño do mapa de rutas e unhas previsións de renovación da flota de autobuses que foi consensuada na comisión de seguimento que avalía o cumprimento do Pacto Local pola Mobilidade, que ten como obxectivo establecer o mellor modelo posible de mobilidade para cidade e o noso rural.

Por todo isto, e tendo en conta que na comunicación social o actual goberno municipal xa manifestou a súa vontade de licitar o novo prego antes de finalizar este ano e de facer unha modificación do actual mapa de liñas así como dunha renovación da flota, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de goberno a:

1. Convocar a comisión de seguimento do Pacto Local pola Mobilidade para dar conta, na mesma, das actuacións, previsións do mapa de rutas previsto e do novo prego dos autobuses urbanos de Santiago.
2. Dar os pasos necesarios para facerse cargo das liñas concesionadas por sentenza xudicial a outros operadores actualmente por sentenza, e asumilas como liñas de xestión municipal.
3. Instar á Xunta de Galicia a completar o Plan de Transporte e facer efectivas estas mudanzas.

MOCIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE DÍA NAS FONTIÑAS



O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a construción dun centro de día na parcela municipal DOC-15 no ámbito do Plan parcial das Fontiñas, toda vez que o proxecto da residencia de maiores se traslada ao Castiñeiriño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela conta con 25.000 persoas con máis de 60 anos das que 4.000 viven soas. Só dispón de tres residencias públicas de maiores cando estas infraestruturas deben ser consideradas un servizo social básico, tendo en conta ademais que Galiza está por debaixo da media. De feito, a OMS recomenda 5 prazas por cada 100 maiores e neste país só hai 3,1 por cada 100 maiores, un déficit que rolda o 40%. Ademais, un informe do Consello de Contas revelaba que para acceder a unha residencia as persoas maiores deben agardar dous anos, cando a lei marca nove meses.

O 27 de febreiro de 2017, Núñez Feijóo anunciou que a Xunta ía construír sete residencias para maiores, unha en cada cidade galega, para ofertaren 900 prazas en total que suporían a creación de 500 postos de traballo. A de Santiago de Compostela, construírías no barrio das Fontiñas, segundo anunciou logo daquel Consello da Xunta.

Ano e medio despois, en xullo de 2018, Alcaldía e Xunta asinaron un convenio para a cesión da parcela das Fontiñas onde estaba previsto construír esa nova residencia para maiores en Santiago. Tratábase dunha parcela de 3.000 m² para a esta instalación que ía contar con 150 prazas. O 14 de outubro de 2018 aprobouse esta cesión do terreo en Xunta de Goberno local.

Ante o cambio producido para a posta a disposición no barrio do Castiñeiriño de terreos por parte do Concello de Santiago para a construción desta residencia de maiores que estaba prevista construír no barrio das Fontiñas, pola necesidade de máis superficie para habilitar cuartos individuais e dispor de zona verde, pódese aproveitar a oportunidade para reclamarlle á Xunta un centro de día.

As Fontiñas, barrio de recente creación transformado hai máis de 25 anos co polígono de vivendas, precisa un centro de día para a súa poboación, unha dotación que se pode realizar na parcela DOC-15 do Plan parcial.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta á construción e posta en funcionamento dun centro de día público na parcela municipal DOC-15 no ámbito do Plan parcial das Fontiñas, que xa foi cedida á administración autonómica e desbotada, con posteridade, por mor do acordo para facer a residencia de maiores no Castiñeiriño.



MOCIÓN PARA CONVOCAR OS CONSELLOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para que o Goberno local constitúa e convoque os Consellos de Participación Cidadá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago de Compostela foi punteiro en políticas de participación cidadá coa creación do Regulamento de Participación Cidadá, do Consello Económico e Social e do Consello de Relacións Veciñais.

Foi no período 1999 e 2003 cando se impulsou, baixo responsabilidade do BNG nesta área, a creación de seis consellos de participación (Muller, Mocidade, Medio Ambiente, Normalización Lingüística, Educación e Saúde). No mandato 2003-2008 incorporáronse seis máis (Servizos Sociais, Deportes, Migracións, Compostela Cultura, Centros Socioculturais e Maiores). No período 2015-2019 puxéronse en funcionamento o Consello de Relacións Veciñais, o Consello de Saúde e o de Medio Ambiente e a maiores creouse un novo, o de Cooperación e Solidariedade, e mantiveron a Mesa do Comercio e o de Turismo. No primeiro semestre deste mandato 2019-2023 aínda non se constituíu nin convocou ningún deles.

Deste xeito, coa posta en marcha dos consellos de participación que se configuran como órganos permanentes de asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate, contribúese a facilitar o seguimento da actividade sectorial de cada ámbito municipal.

Estes consellos serven tamén de canle de participación e diálogo de interlocutores sociais no desenvolvemento das políticas para procurar acordos e propoñerlles aos órganos municipais competentes criterios de actuación. Así, teñen capacidade para emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias das súa competencia; ademais de formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais correspondentes, entre outras funcións.

Ante os problemas xurdidos nos últimos meses, foron diversos colectivos os que reclamaron, logo do cambio de Corporación, a constitución e convocatoria urxente dos Consellos de Educación e de Servizos Sociais, algo que desde o Goberno local se dixo que se ía facer, ademais do compromiso expresado de crear o Consello do Rural.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO



O Concello activará, antes de final de ano, os Consellos de Participación Cidadá, a comezar polo de Educación e de Servizos Sociais, para implicar a veciñanza e colectivos nas decisións de relevancia para Santiago de Compostela.

MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE IMPULSO PARA ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA A MULLER E A EXPLOTACIÓN SEXUAL

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu tratamento no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago de Compostela, con motivo da celebración do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero que se conmemora o día 25 de novembro, debe amosar dunha forma real e concreta o seu firme compromiso contra a violencia de xénero, a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo.

Combater calquera forma de violencia de xénero: violencia física, violencia psicolóxica, violencia económica, violencia sexual, abusos sexuais ou acoso sexual, debe ser unha cuestión de Estado, xa que a violencia contra a muller constitúe unha violación dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais. E dentro desa violencia contra as mulleres, a trata con fins de explotación sexual é unha das manifestacións máis execrables.

Aínda que en Galicia e en España se teñen dado pasos importantes, con medidas que viñeron a configurar un impulso vital na loita contra a prolongada discriminación sexual, o certo é que queda moito camiño por percorrer para combater e acabar coa violencia de xénero como expresión execrable da desigualdade entre homes e mulleres.

Para tratar de seguir avanzando nesa dirección con medidas concretas, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

1. O Concello de Santiago de Compostela, dentro das súas competencias, traballará para:

- Fortalecer o papel central da Administración municipal na planificación e promoción de medidas contra a violencia de xénero.
- Dinamizar a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero, como instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero.



- Facer as modificación precisas nas ordenanzas municipais, para acabar coa tolerancia e permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas, conforme ás conclusións do estudo proposto na medida 77 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.
- Emprender as xestións necesarias para que o Centro de Información á Muller (CIM) se axuste ao decreto autonómico 130/2016, do 15 de setembro, que regula o recoñecemento e acreditación deste tipo de centros en Galicia.
- Darlle unha maior entidade á Concellería de Igualdade, contemplando a posibilidade do seu traslado das súas instalacións á Casa das Mulleres Xohana Torres, para un mellor cumprimento dos seus fins.

2. O Concello de Santiago instará á Xunta de Galicia a:

- Que continúe no labor de atallar as desigualdades e a violencia de xénero, elaborando un documento de referencia para combater dentro da Comunidade Autónoma a trata con fins de explotación sexual.

3. O Concello de Santiago instará ao Goberno do Estado a:

- Modificar a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia, para incluír que son tamén formas de violencia contras as mulleres, conforme ao Convenio de Istambul, a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; dando así cumprimento á medida 104 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.
- Impulsar a aprobación dunha Lei orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, reforce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas, dando así cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE DESFIBRILADORES EXTERNOS SEMIAUTOMÁTICOS (DESA) NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, A FORMACIÓN PARA O SEU EMPREGO E A INCLUSIÓN DA SÚA SITUACIÓN NOS REXISTROS E MAPAS PARA O SEU COÑECIMENTO E RÁPIDA LOCALIZACIÓN

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Nos últimos tempos, distintas informacións nos medios de comunicación teñen posto de manifesto a importancia de dispoñer de medios sinxelos e eficaces para poder loitar contra a morte súbita cardíaca, unha afección crecente na nosa sociedade.

Son varios os casos que se teñen rexistrado de falecementos en lugares públicos por paradas cardíacas que, segundo opinións cualificadas, se poderían ter evitado se neses lugares existira un desfibrilador externo semiautomático (DESA), un dispositivo que, combinado coa técnica de reanimación cardiopulmonar (RCP), axuda a restablecer a normalidade no ritmo cardíaco.

Un decreto autonómico de abril de 2017 (30/2017, do 23 de marzo) achega as máximas facilidades para a instalación deste tipo de dispositivos fora dos ámbitos sanitarios, sinalando a necesidade de dispor deste tipo de aparatos en lugares onde se concentre un elevado número de persoas, entre eles os establecementos públicos, instalacións deportivas ou centros educativos. Aínda que non se trata dunha obriga -tal como foi establecida nalgúns lugares- supón unha advertencia sobre a necesidade de ir ampliando a dotación destes sinxelos e moitas veces vitais elementos para o diagnóstico e tratamento das paradas cardiorespiratorias.

A raíz do citado Decreto de 2017, mediante o que se crea o Rexistro de desfibriladores externos de Galicia e se sinalan os detalles para achegar os datos para a súa inscrición, localización, uso e persoal responsable, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 (FPUSG 061) puxo en marcha unha app na que se recolle a localización exacta dos desfibriladores rexistrados en Galicia. Tamén a Sociedade Española de Cardiología puxo en marcha a aplicación colaborativa “Ariadna” na que a propia cidadanía actúa como informante para ir ampliando sobre un mapa a rede dos DESA existentes no conxunto de España.

En resposta a unha pregunta formulada polo Grupo Popular, o Goberno municipal informaba a finais de setembro do ano 2018 que o Concello dispoñía duns 20 DESA, catro deles daquela sen colocar. Este número non coincide coas cifras que na actualidade (a principios deste mes de novembro de 2019) ofrecen os rexistros das aplicacións referidas, posto que a da FPSUG 061 unicamente recolle 7 DESA en locais municipais e a APP Ariadna non recolle ningunha.

En todo caso, a dotación municipal resulta claramente insuficiente, se temos en conta que o Concello dispón de 24 instalacións deportivas, preto de 30 dependencias educativas e 44 centros socioculturais (algúns con múltiples actividades e con auditorio, caso dos de Santa Marta e O Romáño). Mesmo un lugar tan frecuentado como o Teatro Principal non consta que teña instalado ningún DESA. A maiores existen instalacións que sen ser de competencia exclusiva municipal deberían dispoñer deste servizo –sen que figuren en ningunha das aplicacións citadas–, como é o caso do Pazo de Congresos e Exposicións, a estación do ferrocarril, a estación de autobuses, o complexo Fontes do Sar ou a Praza de Abastos.



A escasa presenza de DESA nos edificios municipais contrasta coa abundancia de aparatos adscritos á Universidade que recolle a app da FPSUG 061: Do total de 61 aparatos rexistrados no termo municipal, 37 (60%) están instalados en locais da USC e unicamente 7 (11,5%) no Concello. Dáse a circunstancia de que no contorno máis inmediato da Praza do Obradoiro unicamente se rexistra un DESA no Pazo de San Xerome e ningún no Pazo de Raxoi, a pesar de que o Goberno ten informado que existen, cando menos, catro aparatos en distintas dependencias, incluída a portería do Concello.

As cifras consideramos que son elocuentes da necesidade de incrementar este tipo de dispositivos, sobre todo se temos en conta que segundo as estimacións oficiais na área de Santiago se producen máis de un centenar de paradas cardíacas ao ano.

Pero se importante é dispoñer deste aparatos que axudan a restablecer o ritmo cardíaco, tamén o é controlar o seu correcto mantemento e contar con persoal con coñecementos para a súa utilización alí onde estean instalados.

Temos constancia de que unha parte do persoal municipal ten recibido xa algúns cursiños e instrucións sobre o funcionamento dos DESA, pero sería conveniente incrementar o número de persoas habilitadas, sobre todo tendo en conta a ampliación de unidades que propoñemos.

Á vista de todo o exposto, formulamos a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello a:

1. Incrementar progresivamente o número de desfibriladores externos semiautomáticos (DESA) nas instalacións municipais, marcando unha orde de prioridades en función da afluencia de persoas e das actividades que se desenvolvan en cada recinto.
2. Dirixirse a aquelas entidades coas que manteña algún tipo de vinculación e que xestionen recintos públicos con significativa afluencia de persoas, a fin de lembrarlles a conveniencia de prever a súa instalación destes dispositivos no caso de non contar con eles.
3. Promover cursos de adaptación entre o persoal municipal para o manexo e mantemento dos DESA.
4. Comunicar os datos para a inscrición, localización e uso dos aparatos instalados en todas as dependencias municipais ás distintas entidades con aplicacións relacionadas coa súa promoción, co fin de facilitar o seu coñecemento e emprego públicos.



CONCELLO DE SANTIAGO

MOCIÓN PARA EDICION DUN LIBRO SOBRE A VINCULACIÓN DE RICARDO CARVALHO CALERO COA CIDADE DE SANTIAGO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro ano 2020, por acordo da Real Academia Galega (RAG) o Día das Letras Galegas estará dedicado a lembrar a vida e a obra de Ricardo Carvalho Calero, un dos referentes fundamentais da cultura galega no pasado século, que destacou sobre todo nos eidos da lingüística e da literatura galegas. Aínda que nacido en Ferrol en 1910 a maior parte da súa vida e da súa obra ten unha estreita vinculación coa cidade de Santiago de Compostela, onde exerceu o seu maxisterio e realizou a maior parte da súa actividade creativa e investigadora.

Sumándose ao acordo do RAG, o Pleno do Concello de Santiago aprobou por unanimidade na sesión do pasado mes de setembro unha Declaración Institucional dando conta dos motivos que acreditan a importancia da súa tarxectoria e do seu legado, dedicando un apartado a detallar os lazos que mantivo con esta súa cidade de residencia que lle ten dedicado unha rúa e erixido un monumento conmemorativo.

Tratando de complementar e precisar a citada Declaración que de forma xenérica urxe o deseño de “un programa completo e transversal sobre a figura de Ricardo Carvalho Calero que mostre todas as facetas da súa obra, literaria e lingüística, e a súa vinculación coa nosa cidade”, desde o Grupo Municipal Popular propoñemos que a Corporación Municipal promova de forma urxente -para tratar rematar antes do 17 de maio- a edición dunha publicación específica desde o Consorcio de Santiago que incida na estreita relación do autor homenaxeado no día das Letras Galegas de 2020 coa cidade de Santiago, na que se poderían incluír testemuñas de alumnos, amigos, familiares e outros aspectos que dean conta desa especial ligazón que se foi afianzando ao longo dos anos.



En consecuencia, o Grupo Popular presenta á consideración da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que, con carácter urxente demande do Consorcio da Cidade de Santiago o encargo dunha publicación na que se poña de realce a especial vinculación de Ricardo Carvalho Calero coa capital de Galicia, coa intención de que contribúa a realzar a vida e obra do autor a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas de 2020, de forma especial, entre a veciñanza de Santiago.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A CELEBRACIÓN DO BICENTENARIO DO NACEMENTO DE CONCEPCIÓN ARENAL

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O vindeiro 31 de xaneiro de 2020 cumpríranse douscentos anos do nacemento da escritora, intelectual, penalista e feminista Concepción Arenal. Foi unha figura excelsa do século XIX e precursora de moitas das conquistas para as mulleres de décadas posteriores. Fillá da ferrolá Concepción Ponte Tenreiro e do militar liberal, Ángel Arenal, viviu en Ferrol até 1829, data da morte do pai a consecuencia das estadias en prisión pola súa ideoloxía aperturista. Concepción Arenal foi unha adelantada ao seu tempo, loitando e procurando ter as mesmas oportunidades que daquela só existían para o homes. Foi a primeira muller que pisou os claustros universitarios, desafiando as normas da época; estudou dereito na Universidade Central, vestida con roupas masculinas xa que nese momento non se permitía legalmente o acceso das mulleres aos estudos superiores en España.

Desenvolveu unha intensa actividade intelectual e en 1863 foi nomeada ‘Visitadora de Prisións de Mulleres’ -foi a primeira muller que ocupou este posto- trasladando a súa residencia á Coruña. Na cidade herculina trabou unha grande amizade con Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, e as dúas promoveron unha asociación para visitar as mulleres presas chamada das "Magdalenas". Concepción Arenal escribiu numerosas cartas dirixidas ás reclusas nas que explicaba o contido do Código penal daquela vixente (o de 1850) e comentaba artigos, especialmente os que facían referencia a delitos cometidos por mulleres.

Foron anos de moi intensa actividade social e intelectual e, malia o seu precario estado de saúde, Concepción Arenal non deixou de escribir, estudar e revisar as súas propias obras e ideas, até o fin da súa vida. Como muller concienciada perante todos os



CONCELLO DE SANTIAGO

problemas da humanidade, nun contexto histórico adverso, non perseguía utopías senón ideas que ela anhelaba ver materializadas e que practicou con afouteza: Paz, Liberdade, Progreso, Xustiza e Verdade. No seu pensamento destacan o pacifismo, o humanitarismo e a defensa das mulleres, para as que reclamou o protagonismo en todas as esferas da vida social. Concepción Arenal é unha autora dunha extensa obra recompilada en 23 volumes das *Obras Completas (1894-1897)*, e entre a súa produción destacan: *El visitador del pobre* (1860); *La Beneficiencia, la Filantropía y la Caridad* (1861); *Cartas a los delincuentes* (1865); *La ejecución de la pena de muerte* (1867); *La cuestión social. Cartas a un obrero* (1871), etc.

Santiago de Compostela honra a memoria de Concepción Arenal tendo o seu nome unha rúa, a biblioteca central da USC no campus Vida e o ambulatorio do Ensanche. Ademais existe unha pequena escultura na Porta da Pena, xusto na cima da Costa Vella. Tendo en conta a grande transcendencia da vida, compromiso e obra desta grande figura galega e a proximidade da data de conmemoración do segundo centenario do seu nacemento semella acaído renovar o compromiso coa súa figura, cunha nova escultura e a divulgación do seu pensamento.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao correspondente órgano de goberno do Concello de Santiago de Compostela a que encargue unha nova escultura coa figura de Concepción Arenal, de maior porte que a actual, e que esta sexa instalada nun espazo público destacado que permita homenaxear como se merece a esta gran pensadora galega.
2. Urxir ao correspondente órgano de goberno do Concello de Santiago a deseñar unha programación específica sobre a figura de Concepción Arenal para divulgar o seu pensamento, no bicentenario do seu nacemento, que mostre todas as facetas da súa obra literaria, ensaística e feminista na Casa das Mulleres ‘Xohana Torres’.
3. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo cultural, veciñal e feminista para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación da celebración desta efeméride.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG PARA OUTORGAR AO ILUSTRE COLEXIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA A MEDALLA DE OURO DA CIDADE

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela celebrou o pasado dezaseis de novembro o seu centésimo septuaxésimo quinto aniversario da súa fundación. Dita institución foi creada o 16 de novembro do ano 1844 por apenas 20 integrantes, moi lonxe dos hoxe case 1500 membros que conforman a súa organización. Na historia de



Compostela, son poucas as institucións que hoxe teñan unha historia tan longa e consolidada no tempo, e que estean vencelladas a nosa cidade.

O colexio sempre tivo como obxectivos o servizo aos colexiados e á cidadanía, como garante e referente na defensa dos dereitos e liberdades. Sempre se traballou dende dito organismo para que Compostela tivese un maior peso institucional e xudicial do país. E sempre mostrou o seu compromiso en todas as reivindicacións de novos órganos xudiciais para a nosa cidade; a avogacía de Santiago estivo sempre onde foi necesario para Compostela, ao servizo dos intereses da capital galega.

Pero a súa labor, esténdese mais alá do plano institucional e colexial, colaborando co Concello e con outras institucións no asesoramento en materia de xustiza gratuíta ou desafiuzamentos a diferentes colectivos. Unha labor que non fai mais que recalcar a súa vocación co benestar dos cidadáns de Compostela.

Todos os grupos municipais representados na corporación entenden que, polos motivos anteriormente expostos, o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela reúne méritos verdadeiramente singulares considerados polo Concello de Santiago como dignos por todos os conceptos desta alta condecoración da cidade.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela propón:

Proponer ao Consello Asesor de Condecoracións que se lle outorgue ao Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela a Medalla de Ouro de Santiago de Compostela.”

Foron presentadas emendas ás mocións números 245, 269, 275 e 280, que figuran no expediente da sesión.

Así mesmo, no transcurso do debate tamén se chegaron a acordos transaccionais e emenda “in voce”, que aparecen recollidos nos acordos adoptados.

Despois do debate en conxunto, primeiro vótase a moción núm. 234 e a continuación a núm. 248.

Con respecto á moción núm. 234, presentada o día 4 de novembro do corrente ano, polo grupo municipal do BNG, para impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno e favorezan o retorno das persoas emigradas, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza



a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

-A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, enerxético, biotecnoloxía e da madeira, o comercio de proximidade e das TIC.

Con respecto á moción núm. 248 presentada polo grupo municipal de CA, o día 14 de novembro do corrente ano, para fomentar o retorno do talento da nova diáspora galega a Santiago de Compostela, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, rexeita a presente moción.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta o día 7 de novembro do corrente ano, núm. 245, para aprobar unha batería de medidas para a recuperación ambiental do Sar, e despois de ser admitida a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Demandar a participación dalgún representante do Concello (técnico) no equipo avaliador do procedemento de diálogo competitivo para a determinación do proxecto de construción da depuradora de Silvouta. Actualmente tan só esta composto por dous técnicos de ACUAES. Tendo en conta que o Concello é o único pagador dos proxectos preliminares, 450.000 €, consideramos imprescindible a presenza de algún representante do Concello.

2. Solicitar información de como van as investigacións e sancións relativas ás verteduras que se produciron ao río Sar á altura das piscinas municipais os días 25 de



agosto e 12 de setembro (vertidos de cor branco), e verteduras na Ponte de Sar o 26 de Marzo (vertidos de cor marrón). Así mesmo, instar á empresa VIAQUA a realizar as obras das acometidas de augas residuais de vivendas que verten directamente ao río na Travesía da Fervenzas e en Poza Real en Conxo.

3. Solicitar información de como vai a redacción do proxecto do colector interceptor xeral do río Sarela, iniciado no ano 2016, e encargado polo ministerio a empresa FULCRUM, por un importe de 192.192 euros.
4. Elaborar, por parte do Concello, un informe sobre as zonas necesitadas de limpeza na canle do río Sar para, conforme a el, instar á Xunta de Galicia a que amplíe a limpeza que ten realizado nas áreas de risco potencial significativo de inundacións.
5. Realizar unha valoración, por parte do goberno municipal, sobre a conveniencia de iniciar, desde a Administración local, tal e como sinala a normativa de aplicación, a tramitación para a declaración do Souto como espazo natural de interese local.
6. Solicitar a protección hidrolóxico-forestal de todas as cuncas hidrográficas do Sar, mediante a conservación e restauración das brañas e regatos de monte, erradicando as especies pirófitas e invasoras como os eucaliptos, promovendo no seu lugar os bosques autóctonos de ribeiras e ladeiras.
7. Demandar unha limpeza urxente da planta invasora “herba da pampa” que se esta a propagar sobre os terreos onde se executaron as obras do colector nas marxes do Sar (zona de Torrente, a Rocha e a Escurridía).
8. Solicitar a restauración das pontes sobre o río Sar.
9. Solicitar a conservación, protección e actualización do catálogo de bens culturais respecto aos elementos patrimoniais vinculados ao río Sar.

Na moción presentada polo BNG con data 18 de novembro do corrente ano, núm. 261, para instar á Deputación á modificación do proxecto da senda peonil entre Santiago e Figueiras, e despois de chegar a un texto de acordo transaccional, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar á Deputación da Coruña a abrir unha vía de diálogo coa veciñanza e representación técnica e política do Concello e da propia Deputación para solucionar os problemas detectados no proxecto da senda de Figueiras na DP-7803, coa finalidade de que as obras se inicien no 2020.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta o día 18 de novembro de 2019, número 262, sobre a nova licitación e o novo mapa de rutas de transporte urbano de Santiago, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo



municipal do PSdeG-PSOE, e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, polo que queda rexeitada a presente moción. Auséntase da sesión o concelleiro Don Jorge Duarte Vázquez.

No tocante á moción presentada polo BNG o día 19 de novembro do corrente ano, número de rexistro 268, para a construción dun centro de día nas Fontiñas, e despois de ser aceptada a emenda transaccional do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 4 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar á Xunta á construción e posta en funcionamento dun centro de día público no ámbito do Plan Parcial das Fontiñas.

Incorporase á sesión o señor Duarte Vázquez.

Na moción con número de rexistro 269 do día 19 de novembro do corrente ano, presentada polo grupo municipal do BNG, para que se convoque aos consellos de participación cidadá, a que presentou emenda o grupo municipal de CA e que non foi aceptada, e tras a emenda “in voce” do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda que o concello active no primeiro cuatrimestre do vindeiro ano, 2020, os consellos de participación cidadá, a comezar polo de educación e de saúde, para implicar a veciñanza e colectivos nas decisións de relevancia para Santiago de Compostela.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular o día 19 de novembro de 2019, núm. 275, para a adopción de medidas de impulso para eliminar a violencia contra a muller e a explotación sexual, a que presentou emenda o BNG e que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 5 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de CA e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

1. O Concello de Santiago de Compostela, dentro das súas competencias, traballará para:

- Fortalecer o papel central da Administración municipal na planificación e promoción de medidas contra a violencia de xénero.
- Dinamizar a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero, como instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero.
- Facer as modificacións precisas nas ordenanzas municipais, para acabar coa tolerancia e permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións



delituosas, conforme ás conclusións do estudo proposto na medida 77 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

- Emprender as xestións necesarias para que o Centro de Información á Muller (CIM) se axuste ao decreto autonómico 130/2016, do 15 de setembro, que regula o recoñecemento e acreditación deste tipo de centros en Galicia.

- Darlle unha maior entidade á Concellería de Igualdade, contemplando a posibilidade do seu traslado das súas instalacións á Casa das Mulleres Xohana Torres, para un mellor cumprimento dos seus fins.

2. O Concello de Santiago instará á Xunta de Galicia a:

- Que continúe no labor de atallar as desigualdades e a violencia de xénero, elaborando un documento de referencia para combater dentro da Comunidade Autónoma a trata con fins de explotación sexual.

3. O Concello de Santiago instará ao Goberno do Estado a:

- Modificar a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia, para incluír que son tamén formas de violencia contras as mulleres, conforme ao Convenio de Istambul, a violencia física, psicolóxica e sexual, incluída a violación; dando así cumprimento á medida 104 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

- Impulsar a aprobación dunha Lei orgánica de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, refórce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas, dando así cumprimento á medida 257 do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Con respecto a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 19 de novembro do corrente ano, núm. 276, para a instalación de desfibriladores externos, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar ao correspondente órgano do concello a:

1. Incrementar progresivamente o número de desfibriladores externos semiautomáticos (DESA) nas instalacións municipais, marcando unha orde de prioridades en función da afluencia de persoas e das actividades que se desenvolvan en cada recinto.

2. Dirixirse a aquelas entidades coas que manteña algún tipo de vinculación e que xestionen recintos públicos con significativa afluencia de persoas, a fin de lembrarlles a conveniencia de prever a súa instalación destes dispositivos no caso de non contar con eles.

3. Promover cursos de adaptación entre o persoal municipal para o manexo e mantemento dos DESA.
4. Comunicar os datos para a inscrición, localización e uso dos aparatos instalados en todas as dependencias municipais ás distintas entidades con aplicacións relacionadas coa súa promoción, co fin de facilitar o seu coñecemento e emprego públicos.

Na moción presentada con data 19 de novembro do corrente ano, número de rexistro 277, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a edición dun libro sobre a vinculación de Carvalho Calero coa cidade, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao correspondente órgano do goberno local a que, con carácter urxente demande do Consorcio da Cidade de Santiago o encargo dunha publicación na que se poña de realce a especial vinculación de Ricardo Carvalho Calero coa capital de Galicia, coa intención de que contribúa a realizar a vida e obra do autor a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2020, de forma especial, entre a veciñanza de Santiago.

Con respecto á moción número 280 con rexistro de entrada do día 19 de novembro do corrente ano, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a celebración do bicentenario do nacemento de Concepción Arenal, e despois de chegar a un acordo conxunto entre todos os grupos, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. Impulsar, en coordinación coas demais institucións participantes na conmemoración do bicentenario, a instalación dunha nova escultura coa figura de Concepción Arenal, para ser instalada nun espazo público destacado que permita homenaxear como se merece a esta gran pensadora galega.
2. Urxir ao correspondente órgano de goberno do Concello de Santiago a deseñar unha programación específica sobre a figura de Concepción Arenal para divulgar o seu pensamento, no bicentenario do seu nacemento, que mostre todas as facetas da súa obra literaria, ensaística e feminista, entre outros espazos, na Casa das Mulleres 'Xohana Torres'.
3. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo cultural, veciñal e feminista para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación da celebración desta efeméride.

Con respecto á moción conxunta dos grupos políticos municipais PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG, para outorgar ao Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela a medalla de ouro da cidade, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda propoñer ao Consello Asesor de Condecoracións que se lle outorgue ao Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela a Medalla de Ouro de Santiago de Compostela.



O señor alcalde pecha a sesión cando son ás 24:00 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Ramón Alonso Fernández